

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

**CPR**  
**Plurilingüe**  
**La**  
**Inmaculada**

## ÍNDICE

Título Preeliminar.....	3
Título I. Comunidade educativa .....	4
Capítulo Primeiro. Entidade titular .....	6
Capítulo Segundo. Alumnos .....	7
Capítulo Terceiro. Profesores.....	8
Capítulo Cuarto. Pais .....	11
Capítulo Quinto. Persoal de administración e servizos.....	12
Capítulo Sexto. Outros membros .....	13
Capítulo Sétimo. A participación .....	13
Título II. Acción educativa.....	14
Título III. Órganos de goberno, participación e xestión.....	18
Capítulo Primeiro. Órganos unipersoais .....	18
Capítulo Segundo. Órganos colexiados .....	21
Título IV. Órganos de coordinación educativa.....	27
Capítulo Primeiro. Órganos unipersoais .....	27
Capítulo Segundo. Órganos colexiados. ....	29
Título V. Alteración da convivencia.....	31
Capítulo Primeiro. Normas xerais.....	31
Capítulo Segundo. Alumnos .....	32
Capítulo Terceiro. Procedemento conciliado para a resolución de conflitos.....	36
Capítulo Cuarto. Resto dos membros da comunidade educativa.....	37
Capítulo Quinto. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras..	37
Disposicións .....	38
ANEXO I. Uniforme escolar.....	39
ANEXO II. Criterios de agrupamento .....	42
ANEXO III. Absentismo escolar.....	43
ANEXO IV. Aula de Convivencia.....	43
ANEXO V. Acoso escolar.....	47
ANEXO VI. Plan de convivencia.....	48

## TÍTULO PRELIMINAR

Art. 1.- Obxecto.

O presente Documento ten por obxecto regular a organización e o funcionamento do Colexio La Inmaculada e promover a participación de todos os que forman a Comunidade Educativa.

A elaboración deste documento tivo en conta os seguintes documentos:

- A Lei Orgánica do Dereito á Educación (3 de xullo de 1985)
- A sentenza do Tribunal Constitucional sobre a Lei Orgánica do Dereito á Educación (17 de xuño de 1985)
- A Lei Orgánica de Educación 2/ 2006, de 3 de maio (BOE 4 de maio de 2006).
- O Documento de Carácter Propio dos Centros Vicencianos. O Carácter Propio do Centro reúne os requisitos establecidos no artigo 115 da LOE<sub>2</sub>, e todos os membros da Comunidade Educativa o coñecen, o respectar e o aceptan como descrición do modelo educativo que o noso centro ofrece á sociedade no marco da liberdade de ensino.
- Real Decreto 732/1995 do 5 de maio.(Dereitos e Deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros)
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 85/2077 do 12 de abril polo que se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Ten o Nº de Código 36004514 e goza da personalidade xurídica que lle otorgan as leis.

O Centro docente Colexio La Inmaculada, con domicilio R/ Estrada nº 8 , Marín , provincia de Pontevedra, é un centro privado - concertado, creado de acordo co dereito recoñecido no artigo 27.6 da Constitución Española e explicitado no artigo 21 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación (LODE) e Título IV da LOE.

Art. 2.- Principios dinamizadores.

A organización e o funcionamento do Centro responderá aos seguintes principios:

- a) O carácter católico do Centro.
- b) A plena realización da oferta educativa contida no Carácter Propio dos Centros Educativos Vicencianos.
- c) A configuración do Centro como Comunidade Educativa.
- d) Promover accións destinadas a fomentar a calidade, mediante o reforzo da súa autonomía e a potenciación da función directiva.

Art. 3.- Sostemento do Centro con fondos públicos.

O Centro está acollido ao réximen de concertos educativos regulado no Título IV da LODE, no Título IV da LOE<sup>1</sup> e nas súas normas de desenvolvemento, nos niveis educativos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria, sendo debidamente autorizadas polas ordes:

- a. Educación Infantil, Orde do BOE de 21/06/1977
- b. Educación Primaria, Orde do D.O.G. 06-06-1986 - EXB
- c. Educación Secundaria Obrigatoria, Orde do D.O.G. de 07/11/1997

---

<sup>1</sup> Redactada conforme á Disposición Final Segunda da LOMCE (BOE do 10 de decembro de 2013).

O ensino impartido no Centro axústase á lexislación vixente e, en concreto, a todo o que está establecido na Lei Orgánica de Educación 2/ 2006, de 3 de maio (BOE 4 de maio de 2006 e nos Decretos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que se regula a ordeación e establécese o currículo de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Infantil:

- Decreto 130/2007 de 28 de xuño, de Educación Primaria. (DOG 9 de xullo 2007)
- Decreto 133/2007 do 5 xullo de Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG 13 de xullo 2007)
- Decreto 330/2009 do 4 de xuño, de Educación Infantil.(DOG 23 de xuño de 2009)

## **TÍTULO I**

### **COMUNIDADE EDUCATIVA**

Art. 4.- Membros.

1. O Centro configúrase como unha Comunidade Educativa integrada polo conxunto de persoas que, relacionadas entre si e implicadas na acción educativa, comparten e enriquecen os obxectivos do Centro.

2. No seo da Comunidade Educativa as funcións e responsabilidades son diferenciadas en razón da peculiar achega que realizan ao proxecto común a Entidade Titular, os alumnos, os profesores, os pais, o persoal de administración e servizos e outros colaboradores.

Art. 5.- Dereitos.

Os membros da Comunidade Educativa teñen dereito a:

- a) Ser respectados nos seus dereitos e na súa integridade e dignidade persoais.
- b) Coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e as Normas de Organización e Funcionamento.
- c) Participar no funcionamento e na vida do Centro, de conformidade co disposto no presente Regulamento.
- d) Celebrar reunións dos respectivos estamentos no Centro, para tratar asuntos da vida escolar, previa a oportuna autorización da Entidade Titular.
- e) Constituír Asociacións dos membros dos respectivos estamentos da Comunidade Educativa, con arranxo ao disposto na Lei.
- f) Presentar peticións e queixas formuladas por escrito ante o órgano que, en cada caso, corresponda.
- g) Reclamar ante o órgano competente naqueles casos en que sexan conculcados os seus dereitos.
- h) Participar nas reunións e festas da Comunidade Educativa.
- i) Poderán participar nas festas e reunións da Comunidade Educativa outras persoas vencelladas ao centro: os familiares (avós, irmáns, tíos,...) e os antigos alumnos. Deberán respectar as normas do centro cando veñan ao mesmo. O centro resérvase o dereito de admisión nas Festas da Comunidade Educativa, sendo quen de lle impedir a entrada a exalumnos cuxo comportamento non fora axeitado (expulsións, incumprimento das normas de convivencia ou por outros motivos). Se algunha persoa, vencellada na actualidade ao centro ou non, perturba o normal desenvolvemento das actividades, será invitado a abandonar o recinto escolar, xa de forma voluntaria, xa doutro modo legal ao noso alcance.
- j) Exercer aqueles outros dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio do Centro e no presente NOF.

Art. 6.- Deberes.

Os membros da Comunidade Educativa están obrigados a:

- a) Aceptar e respectar os dereitos da Entidade Titular, os alumnos, os profesores, os pais, o persoal de administración e servizos e os outros membros da Comunidade Educativa.
- b) Coñecer e respectar o Carácter Propio, o Proxecto Educativo, o presente Documento, as normas de convivencia e outras normas de organización e funcionamento do Centro, as actividades e servizos, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do Equipo Directivo e do profesorado.
- c) Respectar, promover e coidar a imaxe do Centro.
- d) Asistir e participar nas reunións dos órganos dos que formen parte.

Art. 7.- Normas de convivencia.

1. As normas de convivencia do Centro definen as características das condutas que deben promoverse para lograr:

- a) O crecemento integral da persoa.
- b) Os fins educativos do Centro, en desenvolvemento do carácter propio e proxecto educativo do Centro.
- c) Unhas relacións harmónicas da Comunidade Educativa.
- d) Un bo ambiente educativo e de relación no Centro.
- e) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

2.<sup>2</sup> Sen prexuízo das establecidas no presente NOF e no Plan de Convivencia son normas de convivencia do Centro:

- a) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daqueles outras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo.
- b) O respecto á diversidade e a non discriminación
- c) A corrección no trato social, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e educado.
- d) O interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade.
- e) O respecto polo traballo e función de todos os membros da Comunidade Educativa.
- f) A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.
- g) A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- h) O coidado no aseo e imaxe persoal e a observancia das normas do Centro sobre esta materia.
- i) O cumprimento da normativa do Centro respecto á vestimenta.
- j) A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- k) A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.
- l) O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- m) En xeral, o cumprimento dos deberes e dereitos, que se sinalan na lexislación vixente e no presente NOF aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos, especialmente os derivados do Carácter Propio e do Proxecto Educativo do Centro.

<sup>2</sup> LOE Art. 120.4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar ..., normas de convivencia ..., nos termos que establezan as Administracións educativas ...

LOE Art. 124.1 Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables no caso do seu incumprimento con arreglo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables no caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.

3.<sup>3</sup>As normas de convivencia serán de obrigado cumprimento

## **CAPÍTULO PRIMEIRO: ENTIDADE TITULAR.**

A Institución Titular do noso Centro é a Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, provincia de España Norte, a cal ten personalidade xurídica, plena capacidade e autonomía, recoñecida na lexislación vixente e no art. I do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre asuntos xurídicos. O seu representante legal é a Visitadora Provincial, con domicilio na C/ Real, nº 20 de Villaobispo das Regueras, provincia de León.

Art. 8.- Dereitos.

A Entidade Titular ten dereito a:

- a) Establecer o Carácter Propio do Centro, garantir o seu respecto e dinamizar a súa efectividade.
- b) Dispor o Proxecto Educativo do Centro, que incorporará o carácter propio do mesmo e o Plan de Convivencia
- c) Dirixir o Centro, ostentar a súa representación e asumir en última instancia a responsabilidade da súa organización e xestión.
- d) Ordenar a xestión económica do Centro.
- e) Decidir a solicitude de autorización de novos ensinos, e modificación e extinción da autorización existente.
- f) Decidir a subscripción dos concertos a que se refire a Lei Orgánica do Dereito a Educación, promover a súa modificación e extinción.
- g) Decidir a prestación de actividades e servizos.
- h) Dispor<sup>4</sup> o Regulamento de Réximen Interior tras ser informado polo Consello da Comunidade Educativa Escolar así como establecer as súas normas de desenvolvemento e execución.
- i) Nomear e cesar aos órganos unipersonales de goberno e xestión do Centro e aos seus representantes no Consello da Comunidade Educativa, de conformidade co sinalado no presente Regulamento.
- j) Nomear e cesar aos órganos de coordinación da acción educativa, de conformidade co indicado no presente Regulamento.
- k) Seleccionar, contratar, nomear e cesar ao persoal do Centro
- l) Diseñar os procesos de formación do profesorado e a súa avaliación
- m) Fixar, dentro das disposicións en vigor, a normativa de admisión de alumnos no Centro e decidir sobre a admisión e cese de éstos.
- n) Ter a iniciativa en materia de corrección das alteracións da convivencia.
- o) Desenvolver e concretar as normas de convivencia.
- p) Propoñer a implantación ou modificación do uniforme escolar no centro.
- q) Decidir a elección dos libros de texto, unha vez consultados os profesores.
- r) A distribución horaria do profesorado.
- s) Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes.
- t) Exercer a xefatura de todo o persoal, adscrito ao Centro e realizar as contratacións do mesmo.
- u) Presentar ao Consello Escolar para a súa aprobación o Orzamento anual e a rendición de contas da xustificación de outros gastos.

Art. 9.- Deberes.

---

3 LOE Art. 124.2

4 LOE Art. 57 l)

A Entidade Titular está obrigada a:

- a) Dar a coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e o NOF.
- b) Responsabilizarse do funcionamento e xestión do Centro ante a Comunidade Educativa, a Sociedade, a Igrexa e a Administración.
- c) Cumprir as normas reguladoras da autorización do Centro, da ordenación académica e dos concertos educativos.
- d) Respetar os dereitos recoñecidos a pais, profesores, alumnos e persoal de administración e servizos na lexislación vixente.

Art. 10.- Representación.

A representación ordinaria da Entidade Titular estará conferida ao Director Xeral do Centro nos termos sinalados no artigo 40 do presente documento.

## **CAPÍTULO SEGUNDO: ALUMNOS.**

Art. 11.- Dereitos

Os alumnos teñen dereito a:

- a) Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- b) Ser respectados na súa liberdade de conciencia, así como nas súas conviccións relixiosas e morais, de acordo coa Constitución Española.
- c) Ser valorados no seu rendemento escolar conforme a criterios públicos e obxectivos.
- d) Recibir orientación escolar e profesional.
- e) Recibir a información que lles permita optar a posibles axudas compensatorias de carencias de tipo familiar, económico e sociocultural, así como de protección social nos casos de accidente ou infortunio familiar.
- f) Ser respectados na súa integridade física dignidade persoal e intimidade no tratamento dos datos persoais.
- g) Exercer o seu dereito de asociación, participación e reunión no centro, nos termos legalmente previstos.
- h) Aqueles outros que se determinen nas Normas de Convivencia do Centro <sup>5</sup>
- i) Continuar a súa relación co Centro unha vez concluídos os seus estudos.
- j) Ser informado de todo aquilo que lle afecte e a manifestar as súas opinións con liberdade, sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa.
- k) Terá dereito a disfrutar dos servizos complementarios que ofrece o centro: programa madrugador, comedor e outras actividades.
- l) Ter un posto escolar no que reciba unha formación integral (académica, humana, espiritual)
- m) Ter un grupo de referencia, dentro do seu nivel, que poderá mudar ó longo do seu proceso educativo se a Dirección do centro o estime oportuno, según os criterios de agrupamento recollidos neste documento nun anexo.
- n) Art. 12.- Deberes.

---

<sup>5</sup> LOE Art. 124 2.

Os alumnos están obrigados a:

- a) Estudar, esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento según as súas capacidades <sup>6</sup> e participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ao desenvolvemento dos currículos.
- b) Seguir as directrices do Equipo Directivo e do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe, levar a cabo fóra das horas de clase os traballos que lles encomenden os profesores, así como respectar a súa autoridade.
- c) Asistir a clase con puntualidade e cumprir o horario e calendario escolar do Centro.
- d) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no Centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.
- e) Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais dos membros da Comunidade Educativa.
- f) Respectar a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa.
- g) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do Centro.
- h) Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais didácticos do Centro.
- i) Mostrar o debido respecto e consideración aos distintos membros da Comunidade Educativa
- j) Aqueles outros que se determinen no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia do Centro.<sup>7</sup>
- k) Cumplir e respectar as normas de disciplina do centro en cada un dos servizos que oferta, incluíndo as actividades complementarias e extraescolares. Os alumnos deben respectar ao persoal responsable de cada unha delas. Ante casos de indisciplina nalgunha actividade ou, servizo teranse en conta as normas de convivencia propostas neste NOF e no Plan de convivencia.
- l) Aproveitar o seu posto escolar coa asistencia diaria a clase. Xustificarán as faltas os seus pais ou titores legais.
- m) Asumir o grupo que determine a Dirección do Centro, conforme aos criterios de agrupamento.
- n) Coidar a imaxe persoal, respectando e cumprindo as normas do uniforme establecido no centro pola Titularidade. Ningún alumno poderá entrar no centro coa cabeza cuberta, viseira u outras prendas... agás os mais cativos, que utilizarán a viseira en momentos puntuais que indique a profesora.

Art. 13.- Admisión.

1. A admisión de alumnos compete á Entidade Titular do Centro.
2. Nos niveis sostidos con fondos públicos, no caso de que non existan prazas suficientes para todos os solicitantes, estarase ao disposto nos artigos 84 a 87 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e na súa normativa de desenvolvemento, no Decreto 254/2012 da Xunta de Galicia.

## **CAPÍTULO TERCEIRO. PROFESORES.**

Art. 14.- Dereitos.

Os profesores teñen dereito a:

- a) Desempeñar libremente a súa función educativa de acordo coas características do posto que ocupen.



- b) A súa formación permanente.
- c) Participar na elaboración das Programacións de Etapa.
- d) Desenvolver a súa metodoloxía de acordo coa Programación de Etapa e de forma coordinada polo Departamento correspondente.
- e) Exercer libremente a súa acción avaliadora de acordo cos criterios establecidos nas Programacións de Etapa, con arranxo ao modelo pedagóxico da Entidade Titular.
- f) Utilizar os medios materiais e as instalacións do Centro para os fins educativos, con arranxo ás normas reguladoras do seu uso.
- g) Participar na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao Claustro, ao os órganos de coordinación docentes e aos equipos educativos que impartan clase no mesmo curso.
- h) Gozar da presunción de veracidade no marco dos procesos disciplinarios, de acordo coa normativa vixente.
- i) Participar nos órganos de goberno e xestión e coordinación educativa de acordo coa Lei. Exercer calquera outra función que lle pode ser encomendada polo Director dentro do seu ámbito de competencia.
- j) Participar na elaboración do Plan Xeral Anual, Memoria, outros plans, e documentos que sirvan para dinamizar a acción educativa.
- k) Coidar a imaxe positiva do Centro.

#### Art.15.- Deberes.

##### 1. Os profesores están obrigados a:

- b) Exercer as súas funcións con arranxo á lexislación vixente e ás condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento e as directrices da Entidade Titular.
- c) Promover e participar nas actividades complementarias dentro ou fóra do recinto educativo e incluídas na Programación Xeral Anual.
- d) Cooperar no cumprimento dos obxectivos do Proxecto Educativo do Centro, e seguir no desempeño das súas funcións as directrices establecidas nas Programacións de Etapa.
- e) Participar na elaboración da programación específica da área ou materia que imparte, no seo do Equipo educativo do curso e do Departamento correspondente.
- f) Elaborar a programación de aula.
- g) Avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- h) Orientar aos alumnos nas técnicas de traballo e de estudo específico da súa área ou materia, dirixir as prácticas ou departamentos relativos á mesma, así como analizar e comentar con eles as probas realizadas.
- i) Colaborar en manter a orde e a disciplina dentro do exercicio das súas funcións, favorecendo o respecto mutuo con pais e alumnos.
- j) Cumprir puntualmente o calendario e horario escolar.
- k) Implicarse no seu perfeccionamento e desenvolvemento profesional.
- l) Gardar sigilo profesional e a confidencialidade esixida pola Lei Orgánica de Protección de Datos.
- m) Aquelas outras que determine a normativa vixente.
- n) Cumprir todos o plans que hai no centro.
- o) Ser responsable da acción educativa do Centro, integrándose no mesmo e participando activamente nos diferentes equipos.
- p) Utilizar o material do colexio, só nas instalacións, e non sacalo fóra.
- q) Poñer todo empeño en dar unha ensinanza - formación e educación de calidade.

- r) Preparar as entrevistas cos pais (como e cando se atenden). Convén manifestar pola actitude que se está en disposición de solucionar os problemas e ofrécense pautas para iso. Aínda que non avisen de antemán, convén atendelos con corrección e educación.
- s) O trato entre profesores debe responder ao ton humano propio do centro.
- t) Sempre debe haber algún profesor atendendo aos alumnos nas súas zonas.
- u) Sen interferencias calquera profesor debe intervir cando a ocasión o requira, aínda que non forme parte das súas funcións en sentido estrito. Intervir e comunicalo a quen corresponda, con posterioridade.
- v) Participar nos concursos e premios que determine a Dirección, ou si son outros, deberá presentar a programación a Dirección para que sexa coñecedora.
- w) Asumir a distribución horaria e as materias que a Dirección determine de acordo coa Titularidade.

## 2. Son funcións do profesorado:

- a) A contribución a que as actividades do Centro desenvólvanse nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores propios dunha sociedade democrática.
- b) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- c) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- d) A coordinación das actividades docentes.
- e) A participación na actividade xeral do Centro.
- f) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente que proponga a Entidade Titular do Centro.
- g) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- i) A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou o Centro.
- j) A participación nas actuacións previstas no Plan de Convivencia do Centro nos termos nel contemplados
- k) A participación leal nos plans de mellora, innovación educativa e xestión de calidade que se asuman no Centro.
- l) Aquelas outras que poida asignarlles a Entidade Titular do Centro
- m) Coidar a atención e trato cos pais e titores.
- n) A atención e seguemento persoal dos alumnos da súa titoría, de ser o caso.

3. O profesorado terá a consideración de autoridade pública<sup>8</sup> aos efectos determinados na lexislación vixente de aplicación.

## Art. 16.- Admisión.

1. A cobertura de vacantes de profesorado compete á Entidade Titular do Centro. Das decisións adoptadas e do currículo dos novos profesores a Entidade Titular do Centro dará información ao Consello da Comunidade Educativa.

2.- Nos niveis concertados, para cubrir vacantes de personal docente cando sexa de aplicación o artigo 60 da LODE, sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Entidade Titular anunciará publicamente e simultaneamente instará a convocatoria da Sección de Ensinanzas Concertadas do Consello da Comunidade Educativa que se haberá de reunir no prazo de dez días naturais a fin de fixar de común acordo os criterios de selección dos candidatos que, en todo caso, basearanse nos principios de mérito, capacidade profesional e adecuación ás características do Centro e do posto docente. Non obstante o anterior, os criterios de selección poderán quedar establecidos con carácter permanente para todas as vacantes, salvo que circunstancias especiais aconsellasen a súa revisión.

3. As vacantes do persoal docente poderanse cubrir mediante ampliación do horario de profesores do Centro que non presten os seus servizos a xornada completa, pola incorporación de profesores excedentes o en análoga situación, o con arreglo ao disposto na lexislación vixente respecto ao profesorado cuxa relación coa Entidade Titular do Centro non teña o carácter laboral.

4. Mentres se desenvolve o procedemento de selección a Entidade Titular poderá cubrir provisionalmente a vacante.

5. Terase en conta para cubrir as vacantes, calquiera persoa que acredite o perfil que como educadores cristiáns vicencians temos determinado no Proxecto Educativo.

## **CAPÍTULO CUARTO: PAIS**

Art. 17 Dereitos.

Os pais ou tutores teñen dereito a:

- a) Que no Centro impártase o tipo de educación definido no Carácter Propio e no Proxecto Educativo do Centro.
- b) Que os seus fillos e pupilos reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en consonancia cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas Leis educativas.
- c) Participar nos asuntos relacionados co desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos no Centro.
- d) A estar informados sobre o proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos.
- e) A ser oídos nas aquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos.
- f) Ser recibidos polos profesores do Centro nos horarios establecidos.
- g) Coñecer o ideario do Centro.
- h) Asociarse dacordo coa normativa vixente.
- i) A acudir ao centro sempre que o necesiten previa comunicación.

Art. 18 Deberes.

Os pais están obrigados a:

a.- Procurar a adecuada colaboración entre a familia e o Centro, a fin de alcanzar unha maior efectividade na tarefa educativa. Para ese efecto:

- Asistirán ás entrevistas e reunións ás que sexan convocados por membros do equipo directivo ou titor para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus fillos.
- Adoptarán as medidas necesarias para que os seus fillos cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.
- Estimularán aos seus fillos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden e propiciarán as circunstancias que fora do centro puidan facer mais efectiva a acción educativa do mesmo.
- Informarán aos educadores de aqueles aspectos da personalidade e circunstancias dos seus fillos que sexan relevantes para a súa formación e integración na contorna escolar.
- Participarán de xeito activo nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o Centro estableza coa familia, para mellorar o rendemento dos seus fillos.
- Colaborarán no cumprimento das medidas correctoras impostas aos seus fillos e pupilos no desenvolvemento do plan de traballo a realizar fóra do Centro a que éstas poidan dar lugar.

b.- Cumprir as obrigas que se derivan da relación contractual co Centro.

c.- Respetar o exercicio das competencias técnico-profesionais do persoal do Centro.

d.- Xustificar, por escrito, as faltas de asistencia ou puntualidade dos seus fillos. Para considerarse suficientemente xustificadas deberán constar os seguintes datos: nome e DNI do pai/nai ou titor legal, motivo da ausencia e sinatura do mesmo.

e.- Respetar as normas de organización e convivencia do centro naqueles aspectos que lles conciernan.

f.- A participación nas actuacións previstas no Plan de Convivencia do Centro nos termos nel contemplados.

g.- Aceptar as decisións que sexan adoptadas polos órganos de goberno do Centro dentro do marco do presente Documento.

h.- Exercitar responsablemente as facultades que lles confire a patria potestade.

Os pais e titores legais:

- Deben vir ao centro de forma adecuada, de bos modais, cunha actitude de cooperación e respecto. Se hai algunha circunstancia contraria, se lles invitará a abandonar o centro de xeito voluntario, e se non por outros medios se é necesario.
- As familias: separadas, divorciadas, monoparentais, serán as responsables de entregar na Dirección do centro o documento no que estea reflectida a situación con respecto ao seu fillo.
- Cada pai/nai/ou titor recollerá ao seu fillo ao remate da xornada escolar. Se algunha familia non poidera facelo entregará ó titor/a do menor, a autorización dunha persoa maior de idade para poder recollelo.

## **CAPITULO QUINTO. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.**

Art. 19 Dereitos.

O persoal de Administración e Servizos ten dereito a:

- a) Ser integrado como membro da Comunidade educativa.
- b) Ser informado acerca dos obxectivos e organización xeral do Centro e participar na súa execución naquilo que lles afecte.
- c) A súa formación permanente.

Art. 20 Deberes.

O persoal de Administración e Servizos está obrigado a:

- a) Exercer as súas funcións con arranxo ás condicións estipuladas no seu contrato e/ou nomeamento.
- b) Procurar o seu perfeccionamento e desenvolvemento profesional.
- c) Colaborar coas actividades de Centro
- d) Respetar a tódolos membros da Comunidade Educativa.

Art. 21. Admisión.

O persoal de Administración e Servizos será nomeado e cesado pola Entidade Titular do Centro.

## **CAPITULO SEXTO. OUTROS MEMBROS.**

Art.22. Outros membros.

Poderán formar parte da Comunidade Educativa outras persoas (colaboradores, antigos alumnos, voluntarios e outros) que participen na acción educativa do Centro de acordo cos programas que determine a Entidade Titular do Centro.

Art. 23. Dereitos.

Estes membros da Comunidade Educativa terán dereito a:

- a) Facer público no ámbito escolar a súa condición de colaboradores ou voluntarios.
- b) Exercer as súas funcións nos termos establecidos pola lexislación que lles sexa aplicable pola Entidade Titular do Centro.

Art. 24. Deberes.

- a) Desenvolver su función en los términos establecidos en los programas a que se refiere el artículo 22 del presente reglamento.
- b) No interferir en el normal desarrollo de la actividad del Centro.
- c) Solicitar autorización para actividades que impliquen responsabilidade do Centro.

## **CAPÍTULO SÉTIMO. A PARTICIPACIÓN.**

Art. 25.- Características.

A participación no Centro caracterízase por ser:

- a) A condición básica do funcionamento do Centro e o instrumento para a efectiva aplicación do seu Carácter Propio e Proxecto Educativo.
- b) Diferenciada, en función da diversa achega ao proxecto común dos distintos membros da Comunidade Educativa.

Art. 26. Ámbitos.

Os ámbitos de participación no Centro son:

- a) O persoal.
- b) Os órganos colexiados.
- c) As asociacións.
- d) Os delegados.

Art. 27.- Ámbito persoal.

Cada un dos membros da Comunidade Educativa participa coa súa peculiar achega, en a consecución dos obxectivos do Centro.

Art. 28.- Órganos colexiados.

1. Os distintos membros da Comunidade Educativa participan nos órganos colexiados do Centro segundo o sinalado os Títulos Terceiro e Cuarto do presente Regulamento.
2. A Entidade Titular do Centro poderá constituír Consellos para a participación dos membros da Comunidade educativa nas áreas que se determinen.

Art. 29.- Asociacións.

1. Os distintos estamentos da Comunidade Educativa poderán constituír Asociacións, conforme á lexislación vixente, coa finalidade de:

- a) Promover os dereitos dos membros dos respectivos estamentos.
  - b) Colaborar no cumprimento dos seus deberes.
  - c) Contribuír na consecución dos obxectivos do Centro plasmados no Documento de Carácter Propio e no Proxecto Educativo.
2. As Asociacións ás que se refire o número anterior terán dereito a:
- a) Establecer o seu domicilio social no Centro.
  - b) Participar nas actividades educativas do Centro de conformidade co que se estableza no Proxecto Curricular da Etapa.
  - c) Celebrar reunións no Centro, para tratar asuntos da vida escolar, e realizar as súas actividades propias previa a oportuna autorización da Entidade Titular do Centro. Dita autorización se concederá sempre que a reunión o as actividades no interfiran con o normal desenvolvemento da vida do Centro e sen perxuízo da compensación económica que, no seu caso, proceda.
  - d) Propor candidatos do seu respectivo estamento para o Consello Escolar, nos termos establecidos no Título Terceiro do presente Documento.
  - e) Solicitar información dos órganos do Centro sobre aquelas cuestións que lles afecten.
  - f) Presentar suxestións, peticións e queixas formuladas por escrito ante o órgano que, en cada caso corresponda.
  - g) Reclamar ante o órgano competente naqueles casos en que sexan conculcados os seus dereitos.
  - h) Exercer aqueloutros dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio do Centro e no presente Regulamento.

3. As Asociacións están obrigadas a cumprir os deberes e normas de convivencia sinalados nos artigos 6 e 7 do presente Documento e os deberes propios do respectivo estamento.

Art. 30.- Delegados.

Os alumnos e os pais poderán elixir democraticamente delegados de clase, curso e etapa polo procedemento e coas funcións que determine a Entidade Titular do Centro.

## **TITULO II**

### **ACCION EDUCATIVA**

Art. 31.- Principios.

1. A acción educativa do Centro artículase en torno ao Carácter Propio, a lexislación aplicable, as características dos seus axentes e destinatarios, os recursos do Centro e a contorna no que se atopa.
2. Os membros da Comunidade Educativa, cada un segundo a súa peculiar achega, son os protagonistas da acción educativa do Centro.
3. A acción educativa do Centro integra e interrelaciona os aspectos académicos, formativos, pastorais e aqueloutros orientados á consecución dos obxectivos do Carácter Propio do Centro.

Art. 32.- Carácter Propio.

1. A Entidade Titular do Centro ten dereito a establecer e modificar o carácter propio do Centro.
2. O Carácter Propio do Centro define:
  - a) A natureza, características e finalidades fundamentais do Centro, a razón da súa fundación.
  - b) A visión do home que orienta a acción educativa.
  - c) Os valores, actitudes e comportamentos que se potencian no Centro.
  - d) Os criterios pedagóxicos básicos do Centro.
  - e) Os elementos básicos da configuración organizativa do Centro e a súa articulación ao redor da Comunidade Educativa.
3. Calquera modificación no Carácter Propio do centro deberá poñerse en coñecemento da comunidade educativa con antelación suficiente.

Art. 33.- Proxecto Educativo de Centro.

1. O Proxecto Educativo incorpora o Carácter Propio do Centro que prioriza os seus obxectivos para un período de tempo determinado, respondendo ás demandas que se presentan con maior relevancia á luz da análise de:
  - a) As características dos membros da Comunidade Educativa.
  - b) A contorna inmediata no que se sitúa o Centro.
  - c) A realidade social, local, autonómica, nacional e internacional.
  - d) As prioridades pastorais da Igrexa e o carisma vicenciano.
2. O Proxecto Educativo é disposto pola Entidade Titular, terá en conta as características do entorno social e cultural do Centro <sup>9</sup> incorporando, a concreción dos currículos establecidos na Administración Educativa, a través dos Proxectos Curriculares de etapa:

Adecuación ao contexto dos aspectos curriculares xerais:

- dos obxectivos xerais
- decisións xerais sobre a metodoloxía
- criterios xerais do centro sobre a promoción e titulación do alumnado
- liñas xerais de atención a diversidade
- criterios para introducir os valores nas distintas materias
- criterios xerais do centro para a elaboración das programacións.

Plans e proxectos

---

<sup>9</sup> Conforme ao disposto no artigo 121 da LOE, na súa redacción conforme á Disposición Final Segunda da LOMCE (BOE do 10 de decembro de 2013).

Na súa elaboración participan os distintos sectores da Comunidade Educativa, as súas Asociacións e os órganos de goberno e xestión e de coordinación do Centro, conforme ao procedemento que estableza a propia Entidade Titular do Centro.

O Director Xeral é o órgano competente para dirixir e coordinar a súa elaboración, execución e avaliación.

3. O grao de consecución do Proxecto Educativo será indicador do nivel de calidade da oferta realizada polo centro.

#### Art. 34.- Proxecto Curricular de Etapa. <sup>10</sup>

1. O Proxecto Curricular da Etapa é o desenvolvemento e a concreción do currículo da etapa correspondente, que adapta as finalidades que deben desenvolverse na etapa integrando, interrelacionadas, as distintas facetas da acción educativa do Centro, de acordo co seu Proxecto Educativo.

2. O Proxecto Curricular da Etapa incluirá, al menos:

- a) A concreción dos obxectivos da etapa.
- b) A secuenciación dos contidos.
- c) A metodoloxía pedagóxica.
- d) Os criterios de avaliación e promoción.
- e) As medidas para atender á diversidade.
- f) As medidas de coordinación de cada área ou materia co resto dos ensinos impartidas no Centro.
- g) Os principios de organización e funcionamento das tutorías.

3. O Proxecto Curricular de Etapa é aprobado pola Sección do Claustro da Etapa e polos educadores que participan nas accións académicas, formativas ou pastorales dos alumnos da etapa, conforme ao procedemento que determine o Equipo Directivo. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director Pedagóxico.

#### Art. 35.- Programación de Aula.

1. Os profesores realizarán a programación de aula conforme as determinacións do Proxecto Curricular da Etapa e as programación xerais en coordinación cos outros profesores do mesmo ciclo ou curso ou Departamento.

2. A programación é aprobada polo Departamento da asignatura co visto bo do Coordinador Xeneral de Etapa.

#### Art. 36. Avaliación.

1. A avaliación da acción educativa é o instrumento para a verificación do cumprimento dos obxectivos do Centro e a base para a adopción das correccións que sexan pertinentes para un mellor logro dos seus fins.

2. A avaliación da acción educativa abarca todos os aspectos do funcionamento do Centro.

3. Na avaliación da acción educativa participará toda a Comunidade Educativa. Dirixe a súa elaboración e execución o Director Xeral.

---

<sup>10</sup> A LOE non alude aos Proxectos Curriculares, pero consideramos que a diferenza entre Proxecto Educativo e Proxecto Curricular pode resultar interesante nun Centro integrado con varias etapas.



4. O centro realizará procesos de mellora contínua de calidade para o axeitado cumprimento do seu Proxecto educativo.

Art. 37.- Programación Xeral Anual do Centro.

1. A Programación Xeral Anual do Centro, baseada na avaliación e dinámica do mesmo e da súa contorna, incluirá:

- 1.- Obxectivos específicos, medidas a desenvolver e recursos previstos
- 2.- Concreción do Proxecto Educativo
- 3.- Órganos Colexiados
  - 3.1.- Equipo Directivo
  - 3.2.- Claustro
  - 3.3.- Consello escolar
  - 3.4.- Órganos de coordinación docente
    - 3.4.1.- Equipos docentes
    - 3.4.2.- Departamentos
    - 3.4.3.- Equipo de Pastoral
    - 3.4.4.- Tutorías
- 4.- Xornada escolar e horario do Centro
  - 4.1.- Xornada
  - 4.2.- Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios
  - 4.3.- Horario de permanencia no Centro
  - 4.4.- Horario de atención ao público
  - 4.5.- Horario de verán
- 5.- Libros de texto do curso
- 6.- Organización dos espazos común
- 7.- Avaliación de alumnos
- 8.- Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEE
- 9.- Plan Lector
- 10.- Plan de integración das TIC
- 11.- Addenda do Proxecto Lingüístico. Equipo de dinamización da lingua galega
- 12.- Comisión para a Avaliación de diagnóstico
- 13.- Características do proxecto interdisciplinar
- 14.- Plan de utilización das instalacións do centro
- 15.- Programa anual de actividades extraescolares
- 16.- Plan de actividades propostas polo ANPA
- 17.- Plan para a potenciación e organización das relación da comunidade coa familia
- 18.- Plan xeral de avaliación do centro

2. A Programación xeral Anual do Centro é elaborada polo Equipo Directivo, coas apostacións dos distintos departamentos, equipos e equipos docentes e informada e avaliada polo Consello da Comunidade Educativa a proposta do Director Xeral. Dirixe a súa elaboración, execución e avaliación o Director Xeral.

3. O centro desenvolverá procesos de mellora continua da calidade para o axeitado cumprimento do seu Proxecto Educativo.

Art. 38. Plan de Convivencia.

1. O Plan de Convivencia será elaborado pola Comisión de convivencia do Centro coa participación efectiva dos membros da Comunidade Educativa na forma que determine a Entidade Titular. Este Plan

será aprobado polo Equipo Directivo, formará parte do Proxecto Educativo de Centro e incorporarase a Programación Xeral Anual do Centro.

2. O Plan de Convivencia recolle as actividades que se programen no Centro, xa sexan dentro ou fóra do horario lectivo, para fomentar un bo clima de convivencia dentro do mesmo e o conxunto de Normas de Conduta.

### **TÍTULO III**

## **ÓRGANOS DE GOBERNO, PARTICIPACIÓN E XESTIÓN**

Art. 39.- Órganos de goberno, participación e xestión.

1. Os órganos de goberno, participación e xestión do centro son unipersonales e colexiados.
2. Son órganos unipersonais de goberno e xestión, o Director Xeral, o Director Pedagóxico, o Coordinador Xeral de Etapa, o Coordinador Xeral de Pastoral e o Administrador o Xefe de-Estudos, e os que a Entidade Titular considere oportunos.
3. Son órganos colexiados de goberno e xestión, o Equipo Directivo do Centro, o Claustro de Profesores, e o Equipo de Pastoral.
4. Son órganos colexiados de participación e xestión o Consello da Comunidade Educativa e a súa Sección de Ensinanzas Concertadas.
5. Os órganos de goberno, participación e xestión desenvolverán as súas funcións promovendo os obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo de Centro e de conformidade coa legalidade vixente.

### **CAPÍTULO PRIMEIRO: ÓRGANOS UNIPERSONAIS.**

Sección Primeira: Director Xeral.

Art. 40.- Competencias.

1. Son competencias do Director Xeral
  - a) Ostentar a representación ordinaria da Entidade Titular do Centro coas facultades que esta lle outorgue.
  - b) Velar pola efectiva realización do Carácter Propio e do Proxecto Educativo de Centro.
  - c) Convocar e presidir as reunións do Equipo Directivo sempre que a situación o requira e do Consello da Comunidade Educativa
  - d) Presidir, cando asista, as reunións do Centro sen menoscabo das facultades recoñecidas aos outros órganos unipersonales.
  - e) Aquelas outras que se sinalen no presente Regulamento.
2. O Director Xeral responsabilízase de que as competencias da Entidade Titular, como Titular do Centro, sexan respectadas e atendidas.
3. O Director Xeral segue e está permanentemente informado do funcionamento do Centro en todos os seus aspectos.

Art. 41.- Nomeamento e cesamento.

O Director Xeral é nomeado e cesado pola Entidade Titular do Centro

Sección Segunda: Director Pedagógico.

Art. 42.- Competencias.

Son competencias do Director Pedagógico, no seu correspondente ámbito:

- a) Dirixir e coordinar as actividades educativas de nivel.
- b) Exercer a xefatura académica do persoal docente nos aspectos educativos.
- c) Convocar e presidir os actos académicos e as reunións das Seccións de Ensinanzas Concertada do Consello da Comunidade Educativa e as citadas Seccións do Claustro.
- d) Visar as certificacións e documentos académicos.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. A aplicación desta medida implicará:
  - O centro deberá prever a atención educativa do alumno ou alumna ao que se impoña esta corrección.
  - Deberá informarse a quen exerzan a tutoría e a xefatura de estudos no transcurso da xornada escolar sobre a medida adoptada e os motivos da mesma. Así mesmo, o titor ou titora deberá informar diso aos pais do alumnado. Da adopción desta medida quedará constancia escrita no centro.

2. Polas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recollidas no artigo 90.2 do presente Documento, poderán imporse as seguintes medidas para a corrección:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro, así como a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos do centro docente, ou docentes.

- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os debres ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Cando se impoña a medida para a corrección prevista na letra e) do apartado 1 deste artigo, o director/a poderá levantar a suspensión do seu dereito de asistencia ao centro antes do esgotamento do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se produciu un cambio positivo na actitude do alumno ou alumna, e desta situación informará ao Consello Escolar.

Así mesmo, cando se impoña a medida para a corrección a que se refire a letra f) do apartado 1 anterior, a Consellería competente en materia de educación garantirá un posto escolar noutro centro docente.

Art. 93.- Órgano competente.

1. Serán competentes para impor as correccións previstas no artigo 92.1 deste Documento:
  - a) Todos os docentes ou titores do centro para as previstas nas letras a), b), c) e d)
  - b) A persoa titular da xefatura de estudos para as previstas nas letras a), b), c), d), e).
  - c) O director ou directora para a prevista na letra a), b), c), d), e), f), g) e h), do que dará traslado á Comisión de Convivencia, se esta existise.
2. Será competencia do director ou directora do centro a imposición das correccións educativas previstas no artigo 92.2 do presente Documento, do que dará traslado ao Consello Escolar.

Artículo 94.- Procedemento.

Na imposición de correcciones seguirase o procedemento previsto no Anexo VI ao NOF e as disposicións legais vixentes, artigos 46, 47 e 48 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

## **CAPÍTULO TERCEIRO: PROCEDEMENTO CONCILIADO PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.**

Art. 95 .- Valor da resolución conciliada.

De conformidade cos principios inspiradores do Carácter propio e Proxecto educativo de Centro, procurarase a resolución conciliada das alteracións graves de convivencia, a fin de evitar, sempre que sexa posible, a incoación de expedientes disciplinarios, buscando a función educativa e reparadora de todo proceso corrector.

Art.96.- Principios básicos.

Para levar a cabo a resolución conciliada seguiranse os artigos 50 e 51 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro. Será necesario que o alumno (ou os seus pais ou representantes legais, se o alumno é menor de idade) recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposto a repara o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

Art.97.- Reunión conciliadora.

Cando o alumno ou, de ser menor as persoas proxenitoras ou representantes legais opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión. A persoa instrutora exporá e valorará a conduta e o alumno e as persoas convocadas manifestarán as súas opinións.

Art. 98.- Acordo escrito.

Deixarase constancia do acordo nun documento escrito que deberá incluír, polo menos, os seguintes puntos: feitos ou condutas imputadas ao alumno, corrección que se impón, aceptación expresa por parte do alumno (ou os seus pais ou representantes legais), data de inicio dos efectos da corrección e firma dos asistentes. O acordo consensuado será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

En caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto nos artigos 52, 53e 54 do decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

## **CAPÍTULO CUARTO: RESTO DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Art. 99.- Correccións.

1. Sen prexuízo da regulación que se deriva do réxime específico da relación dos distintos membros da Comunidade Educativa coa Entidade Titular do Centro (laboral, civil, mercantil, canónica, etc), a alteración da convivencia destes membros da Comunidade Educativa poderá ser corrixida pola Entidade Titular do Centro con:

- a) Amoestación privada.
- b) Amoestación pública.
- c) Limitación de acceso a instalacións, actividades e servizos do Centro.

2. As correccións impostas aos pais de alumnos requirirán a información do Consello da Comunidade Educativa.

## **CAPÍTULO QUINTO: PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS**

### **AULA DE CONVIVENCIA**

*Art. 19. Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente, tamén a aquel alumnado que se vexa temporalmente privado do seu dereito da asistencia ao centro.

Estes programas aplicarase en colaboración co profesodo titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Dentro destas actuacións, parece conveniente a creación dunha aula de convivencia que teña un carácter educativo e que, por unha banda, permita excluír da aula ordinaria ao alumno que impide o normal desenvolvemento da clase e, por outra, permita a reflexión e traballo do mesmo, nun espazo diferente.

Á aula de convivencia deben ser enviados aqueles alumnos que impiden un bó funcionamento, nun momento puntual e concreto, do grupo-clase, sen que a súa conducta constitúa unha falta grave, caso no que se debe proceder a través do proceso sancionador.

A medida de enviar a un alumno esixe a previa actuación do profesor. Só cando o profesor se considera incapaz de reconducir a conduta do alumno debe adoptar a decisión de remitilo á aula de convivencia.

As condutas que son motivo de enviar á aula de convivencia deben ser consensuadas por todos. Debemos atopar un punto de encontro de tal xeito que todos os profesores actúen da mesma forma. O procedemento que se ten que seguir é un que estea automatizado e perfectamente definido para impedir unha interrupción longa do grupo-clase que poidese alterar o orde da mesma.

Na aula de convivencia o profesor responsable da mesma, unha vez lida a ficha e cumprimentados os campos correspondentes, reflexiona co alumno, cumprimentando éste a parte que lle corresponda. Posteriormente, levará a cabo as actividades que se lle teñan encomendado.

## DISPOSICIONES ADICIONALES

### Primeira.- Referencia.

1. As disposicións do presente documento, no que afectan aos ensinos concertados, se dictan ao amparo do establecido nos artigos 54.3, 55 e 57 l) da Lei Orgánica 8/1985, de 3 xullo, reguladora do dereito á educación.

2. No resto de materias e, ademais, respecto de os ensinos non concertados, as restantes disposicións do presente documento se dictan ao amparo do sinalado no artigo 25 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

### Segunda.- Relacións laborais.

Sen prexuízo do sinalado no presente documento, as relacións laborais entre a Entidade Titular e o persoal contratado regularanse polo seu normativa específica.

Igualmente rexeráse polo seu normativa específica a representación dos traballadores na empresa.

### Terceira.-. Persoal relixioso

A aplicación do presente documento ao persoal relixioso destinado no Centro terá en conta o seu estatuto específico amparado pola Constitución, os Acordos entre o Estado Español e a Santa Sé e a Lei Orgánica de Liberdade Relixiosa.

### Cuarta.- Amigos do Centro.

Os Amigos do Centro son as persoas que, voluntariamente, colaboran na consecución dos obxectivos educativos do Centro, en mellóraa dos seus recursos materiais ou na relación do Centro coa súa contorna.

## DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado o NOF do Centro aprobado polo Consello da Comunidade Educativa do Centro, a proposta da Entidade Titular, o 30 de xuño de 2015.

## DISPOSICIÓN FINAIS

### Primeira.- Modificación do Regulamento.

A modificación do presente Regulamento compete á Entidade Titular do Centro, que deberá sometela á previa información da Sección de Ensinos Concertados do Consello da Comunidade Educativa, no que afecte a devanditos ensinós.

Así mesmo, corresponde á Entidade Titular do Centro, representada polo Director Xeral, o desenvolvemento dos contidos do presente Regulamento.

Segunda.- Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor ao comezo do curso escolar 2015/2016. A súa vixencia queda condicionada ao mantemento do Centro no réxime de concertos educativos.

## **ANEXOS**

ANEXO I	Uniforme escolar
ANEXO II	Criterios de agrupamento
ANEXO III	Absentismo escolar
ANEXO IV	Aula de Convivencia
ANEXO V	Acoso Escolar
ANEXO VI	Plan de Convivencia

Este Documento foi aprobado no Consello Escolar o día 25 de xaneiro de 2022

## **ANEXO I**

### **UNIFORME ESCOLAR**

1. Aprobeuse por unanimidade modificar o ANEXO I do NOF, no que se describe o uniforme escolar do centro La Inmaculada, para adaptalo aos acordos adoptados no Consello Escolar.
2. Normas do alumnado a partir do curso 2021-2022

## ETAPA INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA

### CONTIDO DO UNIFORME ESCOLAR

#### ALUMNADO

#### **\* O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL PODERÁ LEVAR CHÁNDAL TODO O ANO.**

- Pantalón curto ou longo, gris marengo con logotipo patentado CEV bordado segundo deseño aprobado pola Entidade Titular.
- Saia de cadros segundo deseño aprobado e patentado pola Entidade Titular (o longo da saia debe chegar, como mínimo, catro dedos por riba do xeonllo).
- Xerse azul de pico, chaqueta azul ou polar de cremalleira con logotipo patentado CEV segundo deseño aprobado pola Entidade Titular.
- Polo branco con pescozo marcado con dúas liñas, modelo aprobado pola Entidade Titular, de manga curta ou longa segundo a época do ano, con bordado de logotipo patentado CEV.
- Cinto negro, en caso de ser necesario.
- Calcetíns, medias, panties ou leotardos gris marengo tipo colexial.
- Zapato negro ou azul mariño tipo colexial, non está permitido calzado deportivo.

### UNIFORME DE EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTES

#### ALUMNADO

O uniforme deportivo do colexio só se pode utilizar para a clase de Educación Física e, excepcionalmente, en excursións, competicións deportivas nas que participa o colexio ou cando o profesorado o requira. O uniforme comprende:

- Chándal segundo deseño aprobado pola Entidade Titular con bordado do logotipo patentado CEV, da talla axeitada. Pode levarse pantalón curto azul mariño segundo deseño aprobado pola Entidade Titular con bordado do logotipo patentado CEV. O longo do pantalón debe chegar, como mínimo, catro dedos por riba do xeonllo.  
De ser o caso, pódese usar o suadoiro novo como parte superior do chándal.
- Camiseta branca con pescozo redondo estampado segundo deseño aprobado pola Entidade Titular con bordado do logotipo patentado CEV, segundo deseño, da talla axeitada.
- Calcetín branco de deporte.
- Calzado deportivo branco, azul mariño ou negro, non de tea, e sen adornos ou cordóns de cores. As solas das zapatillas deberán ser totalmente brancas.
- Non se debe levar pendentes longos, colares ou aneis xa que poden producir danos e feridas a un mesmo e aos compañeiros nas clases de EF.



## ROUPA DE ABRIGO

Á hora de elixir a roupa de abrigo hai que ter en conta que cumpra cos obxectivos xerais do uniforme de sinxeleza, austeridade e que non marque diferenzas entre os alumnos por razóns de marcas, deseños e, neste sentido:

- Non está permitido calquera xersei ou suadoiro diferente ao do uniforme.
- A prenda de choiva ou abrigo debe ser azul mariño, gris ou negro.
- Poden traer o forro polar do uniforme, pero non como substituto da chaqueta do chándal.
- Pódese usar o novo suadoiro como roupa de abrigo ou como substituto da chaqueta do chándal.
- En caso de utilizar bufanda, panos, foulares, gorro, diademas, lazos, etc, estes deberán ser das cores do uniforme (azul/ou gris).

## VARIACIÓNS DO UNIFORME NON PERMITIDAS

- Pantalóns tipo “chinos”, vaqueiros ou similar aínda que sexan grises marengo. Só se permitirán os pantalóns patentados nos que estea bordado o logo CEV.
- Calquera xersei ou suadoiro diferente ao do uniforme.
- O polo debe ser da talla adecuada, non se admitirán polos que non cheguen ás cadeiras.
- Camisetas interiores de cores ou que teñan letras ou imaxes que se vexan a través do polo branco. As camisetas interiores han ser brancas e non poden ser máis longas cós polos; en calquera caso, non deben verse.
- Camisa branca ou polos de colo cisne.
- Gorros ou gorras de calquera tipo no interior do Colexio.
- Pearcings e tatuaxes visibles, asistir con calquera tipo de maquillaxe, nas unllas e na cara ou colares de cores.

## CUIDADOS DO ASPECTO EXTERIOR

### ALUMNADO

- Manter unha boa hixiene diaria.
- Pelo limpo; non se permiten cortes de pelo, nin tintes nin peiteados rechamantes ou extravagantes.
- Barba e bigote debidamente arranxados.
- Está permitido levar pendentes (un en cada orella) sinxelos.
- Non está permitido o uso de piercing.
- Non está permitida a exhibición de tatuaxes.
- En caso de uso de diademas estas deben ser de cores similares ao uniforme.

### INCUMPRIMENTOS E RÉXIME DISCIPLINARIO

- Todo o profesorado do colexio ten a obriga de velar polo cumprimento das normas establecidas respecto ao uniforme.
- O persoal auxiliar do colexio colaborará co profesorado para que se cumpran as normas.
- Os pais son responsables de que o alumno teña o uniforme completo tal e como establecen as normas descritas e cos repostos necesarios para posibles imprevistos. Ningún alumno debe acceder ao centro con roupa diferente á do uniforme establecido.
- Os alumnos teñen a obriga de cumprir as normas de uniforme establecidas e colaborar para evitar conflitos e tensións polo cuestionamento e incumprimento das mesmas.
- Os coordinadores de etapa velarán polo cumprimento das normas de uniforme e levarán un control das sancións reiteradas que poida acumular algún alumno para tomar as medidas adecuadas.
- No caso de que algún alumno, por causa xustificada, non puidese utilizar algún elemento do uniforme autorizarase expresamente a modificación.

O réxime disciplinario polo incumprimento das normas establecidas para o uniforme escolar están recollidas no Plan de convivencia vixente (Anexo V do NOF).

Introducidas modificacións para adaptarse ao Plan de Convivencia, e aprobadas polo Consello Escolar na súa reunión de 1 de xuño de 2021.

## ANEXO II

### CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

Dentro do ámbito da autonomía curricular e organizativa da que goza o Centro e tendo en conta o fin último de beneficiar ao grupo/clase no que concerne ás súas relacións interpersoais e o rendemento escolar, o Equipo Directivo establececeu unha serie de criterios de agrupamento cos seguintes obxectivos:

- Reducir ao máximo as diferencias entre as dúas liñas.

- Dar a todos os alumnos as mesmas oportunidades de desenvolver as súas capacidades, sen estar condicionados polo seu apelido ou mes de nacemento.
- Mellorar as relacións e autonomía dos alumnos.

A existencia deste criterios está contemplada no Regulamento de Réxime Interno no Capítulo Segundo referido aos dereitos e deberes dos alumnos nos artigos 11. m) e 12. m):

Art. 11. m) Ter un grupo de referencia, dentro do seu nivel, que poderá mudar ao longo do seu proceso educativo se a Dirección do centro o estime oportuno, según os criterios de agrupamento recollidos neste Regulamento nun anexo.

Art. 12. m) Asumir o grupo que determine a Dirección do Centro, conforme aos criterios de agrupamento.

A principal razón é a creación de grupos o máis heteroxéneos posible, atendendo aos seguintes factores:

- A idade
- O sexo
- As necesidades educativas específicas dos alumnos/as
- O nivel curricular
- As relacións interpersoais
- A conflictividade

Desta maneira, os criterios que se terán en conta son os seguintes:

- Igualar o número total de alumnos por aula.
- Criterio de paridade: o mesmo número de nenos que de nenas
- Atención ás necesidades educativas dos alumnos, repartindo aos alumnos con necesidades educativas específicas por igual en ambas clases.
- Mellora das relacións no grupo-clase, o ambiente de traballo, o respecto entre os alumnos...
- Diminución da conflictividade
- Atendendo ao nivel curricular dos alumnos, formar grupos o máis heteroxéneos posible para diminuír as diferencias curriculares entre cada liña.
- En canto á socialización do alumnado, evitar a creación de grupos excesivamente pechados e ofrecer a oportunidade de relacionarse con outros compañeiros.
- Aprender a convivir e adaptarse a diferentes persoas.
- Valorar especialmente a atención aos repetidores e irmáns, evitando por regra xeral, a súa ubicación na mesma aula.

De modo extraordinario, e sempre que as circunstancias o aconsellen, o Equipo Directivo poderá establecer cambios individualizados de titoría sempre e cando a medida resulte recomendable e estea avalada polos informes emitidos polos Titores e o Equipo Psicopedagóxico e/ou de Orientación.

### **ANEXO III**

#### **ABSENTISMO ESCOLAR**

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, Artigos 22 e 23.
- Protocolo Educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2014.

## ANEXO IV

### AULA DE CONVIVENCIA

Funcionamento da aula de convivencia

*Título V do NOF*

A Aula de Convivencia debe colaborar e axudar aos profesores na consecución dun bo clima de traballo nas aulas, polo tanto atenderá aos alumnos que por problemas condutuales no poden permanecer na aula e son expulsados dela.

Preténdese que o procedemento sexa sinxelo e eficaz, aforre esforzo e tempo a profesores e titores e reduza os trámites burocráticos a un mínimo.

Será como segue:

1º - O profesor que envía ao alumno á Aula de Convivencia cumprimentará o Parte de Incidencias, onde se detalla o sucedido.

2º - O profesor de garda na Aula entregará unha Ficha de Auto-observación, que o alumno deberá cumprimentar, axudarlle a reflexionar sobre o sucedido.

3º - O profesor ou titor comunicará a situación aos pais.

4º - Se o alumno négase a colaborar enviaraselle á Xefatura de Estudos, e procederá a algunha sanción específica que se fará constar no parte.

Toda a documentación xerada neste proceso, gardarana os responsables da aula de convivencia poidan arquivala debidamente.

Durante a súa estancia na aula os alumnos traballarán nas materias do currículo que lles corresponda segundo o seu horario, atendidos polos profesores de garda de Convivencia.

As condicións que se derivan son as seguintes:

1º - Un alumno non pode chegar á Aula de Convivencia se non trae especificadas as tarefas a realizar da asignatura.

2º - O profesor de garda recibirá a relación das tarefas especificadas, evitando así que o alumno poida alegar esquecemento na súa casa, perda, etc.

3º - Será misión dos profesores da Aula de Convivencia que leven a cabo ditas tarefas.

4º - No caso de que a natureza da falta cometida polo alumno así o aconselle ou á suxestión do seu titor, Xefe de Estudos, departamento de orientación ou profesores de garda na Aula, ademais das tarefas do currículo, o alumno podería traballar outros materiais específicos relacionados co seu problema condutual.

Para que estes procedementos poidan levarse a cabo na Aula de Convivencia contarase cos seguintes documentos:

Carpetas de materiais para traballar habilidades sociais, dilemas morais e valores, ditas fichas son cedidas polo departamento de Orientación.

Fotocopias das fichas e documentos a cumprimentar.

Rexistro de control de asistencia do alumnado.

Dende a Aula de Convivencia realizarase un proceso de seguimento aos alumnos que, esgotados os compromisos posibles, amose unhas especiais características de mal comportamento. Para elo os

profesores falarán periódicamente co titor, os pais e co propio alumno para recoller información sobre a súa evolución.

Documentos da Aula de convivencia

**AULA DE CONVIVENCIA**

*Ficha de envío á aula de Convivencia -Parte de incidencias*

**Datos do/a alumno/a**

Nome e Apelidos:

Curso e grupo:

**Datos do/a profesor/a que o envía**

Nome e Apelidos:

Materia:

Data:

Hora:

**Motivos polos que se envía** (Describir o sucedido da forma máis clara e precisa posible)

O/A Profesor/a

Asinado

**Tarefas para realizar**

**Datos do/a profesor/a responsable da aula de convivencia nese momento**

Nome e Apelidos:

Data:

Hora:

**Informe** (facer un breve resumo de como se desenvolveu a entrevista co/a alumno/a e se o resultado foi positivo ou negativo, tarefas realizadas,...)

O/A Profesor/a

Asinado

**AULA DE CONVIVENCIA**

**Ficha 1**

**Ficha de reflexión do alumnado que chega á aula de convivencia**

**Datos do/a alumno/a**

Nome: Apelidos:

Curso e grupo:

**Resposta con atención, por favor, ás seguintes cuestións**

1. Relata que che pasou na aula para que o profesor che mandase vir á Aula de Convivencia:

2. Cal foi a túa reacción?

3. Que conseguiche coa túa actitude? ¿En que mellorou a túa situación?

4. Como te sintes agora?

5. Que podes facer para resolver o problema?

6. A partir de agora, cal crees que é a forma máis intelixente de actuar?

**COMPROMISO**

Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a

Data: Sinatura do/a alumno/a

**Ficha 2**

*Ficha de reflexión do alumnado que chega á aula de convivencia*

**Datos do/a alumno/a**

Nome e Apelidos:

Curso e grupo:

**Responde con atención ás seguintes cuestións**

1. Escribe teus compromisos da ficha 1

2. De todo o que tiñas planificado, que saíu mal? Por que?

3. Que podes facer para que as cousas saian mellor?

**NOVO COMPROMISO**

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a

Data:

Sinatura do/a alumno/a

**ANEXO V**

**ACOSO ESCOLAR**

- Lei 4/2011, Capítulo III, Artigos 28, 29 e 30

- Decreto 8/2015, Capítulo II, Artigo 15.4
- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Xunta de Galicia

## ANEXO VI

### PLAN DE CONVIVENCIA

#### **INTRODUCCIÓN:**

- Definición .....49
- Composición .....49
- Funcións.....49
- Funcionamento .....50

#### **I.- CLARIFICACIÓN DOS CONCEPTOS .....50**

#### **II.- FINALIDADES .....51**

#### **III.- OBXECTIVOS**

- 3.1.- Profesorado.....51
- 3.2.- Alumnado .....52
- 3.3.- Familias .....52
- 3.4. Centro.....52

#### **IV.- ACTUACIÓN: Prevención e intervención. ....52**

#### **V.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO DENDE O PUNTO DE VISTA DA CONVIVENCIA**

- 4.1.- Localización .....53
- 4.2.- Os educandos .....53
- 4.3.- Os educadores.....53
- 4.4.- A función directiva .....54

#### **VI.- PLAN DE CONVIVENCIA**

- 6.1.- Definición .....54
- 6.2.- Destinatarios .....54
- 6.3.- Obxectivos xerais .....54
- 6.4.- Obxectivos operativos .....54
- Principais conflitos no centro .....55
- 6.5.- Resposta do centro.....55



<b>VII.- TEMPORALIZACIÓN .....</b>	<b>56</b>
<b>VIII.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA</b>	
8.1.- Relación cos profesores .....	57
8.2.- Trato entre compañeiros .....	57
8.3.- Vida no colexio.....	57
<b>IX.- ACCIÓNS PREVISTAS PARA TRABALLAR O PLAN DE CONVIVENCIA</b>	
a) Equipo Directivo.....	58
b) Profesorado .....	58
c) Acción Titorial.....	58
d) Alumnado .....	59
e) Pais.....	59
<b>X .- ANEXOS .....</b>	<b>60</b>
<b>XI.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN</b>	
a) Alumnos de Educación Infantil e Primaria	
• Prevención .....	60
• Tratamento.....	60
b) Alumnos de Educación Secundaria .....	61
<b>XII.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN .....</b>	<b>62</b>
<b>XIII.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....</b>	<b>64</b>
<b>XIV.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>64</b>
<b>XV.- OS RECURSOS .....</b>	<b>64</b>

## **INTRODUCCIÓN.**

O proceso de desenvolvemento e de cambios sociais que vivimos actualmente, e que afectan á infancia e á mocidade, lévanos a seguir expondo actuacións de mellora da convivencia nos centros educativos que favorezan a comunicación e as relacións interpersoais.

Adóitase falar dunha sociedade permisiva, caracterizada por unha cultura do presentismo, á vez que se resalta a importancia das relacións persoais e da boa convivencia nos centros como factor de calidade. Os cambios que veñen producindo na sociedade actual obrigan a asumir importantes retos educativos e sociais.

Un primeiro paso pode partir da análise global do conxunto de medidas que se veñen dando para a atención do alumnado, como a concreción do currículo, a oferta de materias optativas, en definitiva,

trátase de dar resposta á diversidade do alumnado, en beneficio dun mellor espazo convivencial. Todos nós aprendemos a ser persoas a través da convivencia cos demais e esta aprendizaxe debe desenvolverse nunha contorna de pluralidade, o que supón unha dificultade engadida á complexidade que envolve o ámbito da convivencia.

Por outra banda, o Proxecto de Lei Orgánica de Educación (LOE) propón, na súa exposición de motivos, o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, sinalándoo como un dos fins do sistema educativo. Para a consecución deste fin, faise extensivo a todos os niveis o obxectivo de traballar a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Por todo iso, é importante coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e aprender a obrar de acordo con elas. Dada a importancia e repercusión que ten para a mellora da calidade educativa, e o seu efecto no rendemento académico, é conveniente arbitrar un plan específico que dea resposta ás necesidades e demandas da comunidade educativa sobre a resolución de conflitos e a convivencia democrática nos centros docentes.

**1.- Definición:** É un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, así como para e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

## **2.- Composición:**

- Director/directora, que exercerá a presidencia
- Xefe de estudos, que exercerá a vicepresidencia.
- Entre 1 e 4 representantes do profesorado
- O orientador
- Un representante do alumnado
- Un representante da asociación de nais-pais máis representativa
- Un representante do PAS
- A persoa que no consello escolar desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.

## **3.- Funcións:**

- a) Participar na dinamización do plan de convivencia do centro
- b) Elaborar un informe anual sobre convivencia e conflictividade, que será trasladado ao Observatorio Provincial.
- c) Coordinar accións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia
- d) Propoñer á administración medidas oportunas para a mellora da convivencia escolar do centro
- e) Aqueloutras encomendadas pola administración educativa ou o Observatorio Provincial.

## **4.- Funcionamento:**

- O Observatorio funcionará en pleno, e manterá tres reunións anuais ordinarias. Poderá reunirse previa convocatoria do seu presidente ou dun terzo dos seus membros.
- O presidente acorda a convocatoria das reunións e a orde do día, preside as reunións moderaas, e ostenta a representación do Observatorio.

- O vicepresidente substitúe ao presidente en caso de vacante, enfermidade, ausencia, ou as funcións que lle delegue o presidente.
- Os membros do observatorio poderán propoñer á presidencia a inclusión de puntos na orde do día; obrigatoriamente incluíranse na orde do día se así o solicita un terzo dos membros.
- Os membros do Observatorio son nomeados polo Presidente.

## I.- CLARIFICACIÓN DOS CONCEPTOS

**Disciplina:** Conxunto de normas para manter a orde entre os membros dun grupo e obediencia a esas regras.

**Falta:** Incumplimento da norma de convivencia.

**Gradación:** Enmenda que reempraza unha actitude contraria ás normas de convivencia.

**Convivencia:** É un compartir vivencias xuntos, fomentando boas relacións interpersoais, desde o diálogo, a escoita activa, a participación o compromiso e a asunción de responsabilidades.

**A convivencia escolar** implica un sistema de normas claras e coñecidas, que regulen os distintos aspectos da vida do centro e a implicación do alumnado no funcionamento da vida escolar.

**Violencia:** Conduta que agreden física ou psicolóxicamente a alguén e que pretenden causar dano.

**Conflito:** Diferenzas de criterios, de aspiracións, de sexos e interese contrapostos das persoas ou grupos.

**Agresividade:** Tendencia a realizar actos o proferir palabras hostiles con respecto a outros.

**Bullying, matonismo, acoso entre iguais.** Situacións de intimidación, ameaza, agresión ou abuso que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo.

**Vandalismo.** Actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais do centro ou das persoas sen consideración nin respecto ningún.

**Comportamentos disruptivos:** Distintas actitudes relacionadas:

- Co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación....)
- Cos compañeiros ( mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase, interrompendo aos demais...)
- Co profesorado ( mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper..)
- Co centro ( non aceptar as normas, deambular polo centro...)

**Absentismo escolar:** A falta de asistencia habitual ás aulas.

**Marxinación:** deixar de lado a un alumno

**Respecto:** Consideración e recoñecemento do valor dunha persoa ou cosa.

**Tolerancia:** Respecto ás opinións, ideas o actitudes das demais persoas aínda que non coincidan coas propias.

**Liberdade:** Facultade das persoas para actuar segundo as súas ideas, criterios no seo dun grupo organizado e dentro duns límites de regras definidas.

**Autonomía:** Capacidade que ten a persoa dentro dunha colectividade e que non depende dos outros para actuar en determinados aspectos.

**Autoestima:** Valoración que cada un temos de nós mesmos

**Empatía:** Saber poñerse no lugar do outro.

## **II.- FINALIDADE**

A finalidade do Plan é favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, no exercicio da tolerancia na liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, e desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, mellorar a cohesión nas relacións internas do grupo.

## **III.-OBXECTIVOS**

Dentro da formulación global que require todo plan de actuación encamiñado á mellora da relación interpersonal, os obxectivos do Plan van na liña de atención de todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa, coa intención de motivar ao profesorado, alumnos e familias sobre a importancia de crear un bo clima de convivencia nos centros escolares, concretados nos seguintes puntos:

### **3.1.- Para o profesorado**

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, as relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidad e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Clarificar as vías de actuación que permitan ao profesorado resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Promover a implicación do profesorado na adaptación e posta en marcha dun Protocolo de Convivencia no seu propio centro, partindo dun modelo global elaborado.

### **3.2.- Para o alumnado**

Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento.

Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.

### **3.3.- Para as familias**

- Sensibilizar ás nais, pais e titores sobre a importancia de previr condutas violentas nos seus fillos.
- Facilitar ás nais, pais e titores información acerca das implicacións psicosociais da etapa adolescente.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.

### **3.4.- Para o Centro**

Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión das tensións e as discrepancias, así como a resolución de conflitos de forma non violenta.

Mellorar o clima de convivencia nos centros en beneficio dunha educación de calidade. Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non violenta.

#### **IV.-ACTUACIÓNS**

Este Observatorio aborda o tema desde diferentes ámbitos e con distintos graos de profundización. É evidente que para lograr unha mellora da convivencia nos centros necesítase a implicación de todos os membros da Comunidade Educativa, de tal xeito que, partindo do traballo diario nos centros, desenvólvanse actuacións específicas en beneficio da mesma. De acordo con iso, as accións contéplase desde dúas perspectivas: de **prevención** e de **intervención**.

A **primeira** coa finalidade de fomentar un clima de convivencia que faga difícil a aparición de conductas violentas. Por eso propóñense medidas de distinto tipo:

- Análises e seguimento da incidencia.
- Coordinación interinstitucional.
- Elaboración do plan de convivencia.

Por outra banda, desde a perspectiva de **intervención**, as actuacións implican o tratamento global da situación, implicando de xeito coordinado aos distintos servizos e facilitando tempos para que os diversos profesionais poidan traballar de xeito cooperativo. Por eso propóñense medidas de distinto tipo:

- Posta en marcha do plan de convivencia.
- NOF.
- Plan de acción tutorial.
- PEC.
- Xestión democrático da convivencia: alumnado, as familias, profesorado, Servizo de Orientación, Equipos de Orientación Inspección educativa.

No contexto do Observatorio de Convivencia, inclúe o seguimento da resposta educativa do centro respecto da Convivencia Escolar e a resolución de conflitos.

#### **Con esta actuación preténdese:**

- Analizar os modelos adoptados polos centros para o seguimento e mellora da convivencia escolar.
- Propor as medidas correspondentes de mellora e a difusión das boas prácticas.

#### **V.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO DENDE O PUNTO DE VISTA DA CONVIVENCIA**

##### **a) Localización do alumnado**

Analizamos a situación do noso colexio co fin de detectar cales son aqueles ámbitos educativos que demandan unha dedicación prioritaria na nosa planificación. Do estudo realizado deducimos as seguintes orientacións:

- A **contorna urbana** do noso colexio La Inmaculada de Marín é o correspondente a un de clase media e media-baixa.

Constátase que o sistema de valores dende o que o centro pretende orientar a súa acción educativa, non só non é coincidente co sistema de valores promovidos pola sociedade na que está insrito, senón que, en moitos casos, é claramente diverxente.

- A **contorna familiar** dos nosos educandos é media e media baixa, familias formadas por traballadores, profesionais, empresarios e funcionarios de clase media-baixa nas que progresivamente se vai incorporando a muller ao mundo laboral exterior ao fogar. Acoden ao colexio alumnos de familias de etnia xitana e inmigrantes.

Ao confrontar a realidade familiar dos nosos alumnos coa posibilidade de alcanzar as nosas finalidades educativas advertimos que hai determinados déficits que condicionan a eficacia do labor formativo escolar. Adoita haber comunicación entre pais e educadores para planificar estratexias de mellora na educación e a aprendizaxe dos seus fillos, aínda que en ocasións non se consigan os obxectivos acordados.

O clima social de baixo nivel de esixencia e de esforzo limita notablemente a posibilidade de alcanzar mellores rendementos na aprendizaxe. Hai algúns casos de permisividade das familias, a ausencia de normas é o xerme de situacións conflitivas.

**b) Os educandos.** Conviven de forma totalmente normal, alumnos inmigrantes, alumnos de necesidades educativas especiais.

**c) Os educadores do centro.** Tratan de proporcionar unha atención personalizada aos seus alumnos, tanto a través dos seus correspondentes labores docentes ordinarios como a través da acción específica das titorías, convivencias, festas, reflexión da mañá. Ademais os educadores intentan favorecer a existencia dun clima de proximidade entre educadores e educandos.

**d) Polo que respecta ao exercicio da función directiva,** valóranse como prioritarias aquelas accións dirixidas a definir e soste de forma clara os obxectivos do centro a curto, medio e longo prazo; a dinamizar o equipo para devanditas metas, e a cohesionalo para configurar unha verdadeira comunidade educativa.

## VI.- PLAN DE CONVIVENCIA

### 6. 1.- Definición:

Os problemas de conduta dos alumnos convertéronse nun dos principios obstáculos da tarefa do docente. Este plan de convivencia quere ser un instrumento destinado a favorecer no centro un espazo educativo adecuado para a resolución pacífica dos conflitos e da convivencia democrática.

Pretendemos a través deste plan a mellora da convivencia dende dúas perspectivas: a da prevención e a da intervención, buscando estratexias útiles para previr conflitos futuros ou solucionar os xa existentes, considerando cada situación problemática como unha ocasión para construír un clima de convivencia respetuosa e favorable ó labor docente.

Para a aplicación desta normativa atendémonos ó disposto na O.M. de 5 de maio de 1995, “Sobre os dereitos e deberes dous alumnos”, a Lei 4/2011 do 30 de xuño e o Decreto do 8 de xaneiro do 2015, a Normativa de organización e funcionamento do centro e a fidelidade ou Carácter Propio.

**6. 2. - Destinatarios:** Toda a Comunidade Educativa.

**6.3. Obxectivos xerais:**

1. Tomar conciencia de que as normas de convivencia son fundamentais dentro dunha Comunidade Educativa para un mellor funcionamento.
2. Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
3. Priorizar a resolución de conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto: o profesor, alumnos e pais.
4. Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para evitar problemas de convivencia.
5. Establecer as medidas que se consideran máis axeitadas para promover procesos que permitan a mellora da convivencia no centro.
6. Tomar conciencia da existencia dos conflitos e a necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.
7. Promover a participación das familias no labor educativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden.

**6. 3 .1. Obxectivos operativos:**

1. Ver os conflitos como unha ocasión de crecer e formarse mediante un esforzo conxunto de profesor E alumno.
2. Implicar aos alumnos, na medida do posible, na solución de conflitos a través de técnicas grupais adecuadas.
3. Solucionar os problemas de forma relaxada e tranquila, utilizando un ton de voz pausado e deliberadamente baixo.
4. Adaptar as estratexias ao contexto concreto, a mesma medida vale nunhas circunstancias determinadas, noutras móstrase totalmente ineficaz. Non se pode aplicar ningunha medida de forma mecánica.
5. Evitar solucionar o problema “in situ”, nalgunhas ocasión. Pensar antes de actuar, para evitar improvisacións.

**6. 4 . Principais conflitos no centro.**

Hai que dicir, en primeiro lugar que, os conflitos teñen distinta natureza cando son analizados por educadores ou por alumnos.

1. Para os **alumnos** os conflitos son situacións nas que senten a súa persoa ameazada ben pola familia, ben por educadores, ben por compañeiros, ben por situacións fronte ás que senten desamparados ou desasistidos.
2. Con frecuencia para os **educadores**, o conflito non se fai visible ata que non desemboca nunha situación extraordinaria que condiciona a convivencia.

**3. Os máis frecuentes son:**

- Actitudes verbais desafiantes, tensión verbal con compañeiros os cales son a raíz de problemas posteriores.
- Ameazas e insultos, faltas de respecto explícitas, uso de linguaxe soez.
- As agresións físicas, poden ser esporádicas.
- Algunhas condutas disruptivas.
- Comportamentos disruptivos puntuais nas saídas culturais e complementarias.
- Absentismo nalgún caso.

- Atrasos en entradas ó centro.
- Ameazas fora do contorno escolar pero cunha repercusión dentro do centro.

É necesario saber que sempre pode haber casos de alumnos cun comportamento especialmente agresivo que trastornen as relacións normais de todo o grupo. Sería conveniente estar moi atentos a estas situacións que desequilibran a convivencia colexial.

#### 4. 5. Respostas do Centro a estas situacións

Tarefas	Responsables	Recursos
<b>1.-PROFESORES-ALUMNOS:</b> Establecer as medidas adecuadas para afrontar os conflitos derivados da convivencia.	Titor Director. Orientador/a Profesorado Xefe de Estudos	Nof Coordinación cos Servizos Sociais e de Saúde. Normas de intervención en casos de indisciplina na aula.
<b>2.- ALUMNOS-ALUMNOS:</b> Definición de criterios de actuación ante os conflitos nas relacións entre compañeiros.	Titor Director Xefe de Estudos Profesorado Orientador	Nof Normas de convivencia. Guía de actuación en caso de intimidación e malos tratos entre compañeiros (bullying), redes sociais.
<b>3.- ALUMNOS-PROFESORADO:</b> Definir os criterios e establecer as canles para resolver os conflitos nas relacións co profesorado.	Titor Director Xefe de Estudos Profesorado Orientador	Normas de Convivencia Normas de intervención en casos de indisciplina na aula Procedemento para resolver as reclamacións do alumnado, redes sociais.
<b>4.-PROFESORES-PROFESORES:</b> Definir os criterios e establecer as canles para resolver os conflitos nas relacións entre o profesorado.	Equipo Directivo Comisión de Convivencia	Plan Convivencia NOF Titular
<b>5.-CENTRO-FAMILIAS:</b> Definir os criterios e establecer os cauces para resolver os conflitos nas relacións entre o centro e as familias.	Equipo Directivo Comisión de Convivencia	Plan de Convivencia Inspector do centro Servizos externos sociais e de saúde.

## VII. TEMPORALIZACIÓN

O periodo de aplicación do observatorio, será de tres anos. As accións que nel se contemplan está previsto que se inicien ao comezo do mes de setembro de 2015



## **VIII.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA**

As normas que consideramos básicas de convivencia para o centro, son o principal instrumento que utilizamos para establecer os límites que consideramos oportunos entre as condutas que van ser permitidas e as que non. Con elas preténdese crear unhas canles que permitan unha convivencia respectuosa na que se impoñan os dereitos colectivos sobre as actitudes egoístas, insolidarias, agresivas e violentas. Pero non basta que haxa normas, senón que a súa aplicación ha de resolver problemas, na medida das nosas posibilidades. No caso de que a situación que se expón, xa non estea ao noso alcance, derivaremos a outros expertos ou institucións competentes.

Para a aplicación desta normativa atendémonos ó disposto na O.M. de 5 de maio de 1995. Sobre os dereitos e deberes dous alumnos, a Lei 4/2011 do 30 de xuño e o Decreto do 8 de xaneiro do 2015, e ao establecido no NOF. e tendo en conta a fidelidade ou Carácter Propio. Contemplamos as medidas de corrección, para aquelas condutas contrarias ás normas establecidas.

### **8. 1.- RELACIÓN COS PROFESORES**

1. Procura que os teus modais, a túa expresión e trato sexan indicativos da cultura e formación que estás recibindo.
2. Se tes que formular algunha suxestión facela a quen corresponda (titor, xefe de estudos) no momento oportuno, facendo gala dunha boa educación.
3. Respecta ás persoas e valora de modo especial o traballo dos profesores e persoal do centro: ós profesores e persoal.

### **8.2.- TRATO ENTRE COMPAÑEIROS**

1. Compórtate de maneira que as túas palabras, xestos e escritos, non poidan molestar, nin ferir a sensibilidade o as crenzas dous demais.
2. Colabora cos teus compañeiros na realización de actividades formativas e respecta a súa dignidade persoal.
3. A corrección e a limpeza son a mellor vestimenta da persoa.
4. Evita os descoidos na hixiene.
5. Viste con corrección e discreción a ton coa actividade que desenvolves non colexio.
6. Coida a túa linguaxe sempre.
7. Recorda que as palabras malsoantes indican pobreza de expresión e torpeza na relación cos demais.

### **8. 3.- VIDA NO COLEXIO**

1. Esfórzate en conservar en bo estado os locais e o material ó teu servizo. Así poderás gozar dos bens que che pertencen como membro da familia do Colexio Sagrado Corazón.
2. Colabora para que haxa orde e limpeza non colexio.
3. Se observas danos comunícaos o titor para proceder ó seu arranxo.
4. Respecta certos lugares e momentos:
  - A capela para poder orar e reflexionar.
  - As clases para atender, traballar, estudar.

5. Nos desprazamentos, evita molestar ós outros.
6. Durante o recreo, debes estar non patio.
7. A puntualidade é necesaria para poder traballar xuntos. A falta de puntualidade sistemática é unha falta grave.
8. Debes presentar ó titor a autorización escrita dos teus pais para saír do colexio.
9. Se faltas a clase avisa o antes que poidas ó colexio: O día que te incorpores entrega o xustificante ó titor.
10. Ata o 5% de faltas sen xustificar é considerada unha falta leve.
11. Ven previsto da equipación deportiva para a clase de Educación Física e trae o material necesario para realizar as actividades escolares en cada clase.
12. Debes traer o uniforme escolar completo ao Centro, cumprindo as normas establecidas ao respecto.
13. Ao rematar a xornada lectiva cada alumno deberá levar os libros á casa.
14. Cada alumno deberá facerse responsable dos libros fóra do horario escolar; o colexio non se fará cargo do deterioro, pérdida o desaparición dos mesmos.
15. Os xoguetes o aparellos electrónicos (móbil, MP3, pinganillo, auriculares, cámaras de fotos..) son innecesarios para a actividade que ves realizar. Por iso, poderánchos requisar temporalmente. Recorda que o Colexio non se fai responsable de roubos ou avarías que se puideran realizar no centro.
16. Se atopas algún obxecto extraviado entrégallo ó titor ou a outro profesor.

## **IX - ACCIÓNS PREVISTAS PARA TRABALLAR O PLAN DE CONVIVENCIA**

### **a) Equipo directivo**

- Dinamizar no centro, actividades dirixidas a informar e formar ao profesorado en temas relacionados co Plan de convivencia, resolución de conflitos, habilidades sociais.
- Solicitar do profesorado a información da situación da aplicación das normas de convivencia así como do seguimento das actuacións do Plan de Convivencia.
- Preparar informes para o seu estudo na Comisión de convivencia.
- Levar ao Consello Escolar os estudos e propostas da Comisión de Convivencia.
- Solicitar apoio dos Equipos de convivencia en casos puntuais.
- Requirir a intervención do persoal especializado dos Equipos de Orientación, naqueles casos das familias que habitualmente non son receptivas da colaboración necesaria co centro para a educación dos seus fillos para previr problemas de convivencia e facilitar o logro de obxectivos educativos.

### **b) Profesorado**

#### **Formación destinada a:**

- Mellorar as estratexias para detectar e identificar situacións de conflito.
- Potenciar as habilidades sociais dirixidas á resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar actuacións preventivas desde a acción titorial para a mellora da convivencia.
- Desenvolver estratexias para marcar os límites dentro da aula co fin de previr situacións de conflito.
- Desenvolver traballos cooperativos

- Solicitar aos pais, ben directamente ou a través do titor, a información necesaria sobre os seus fillos para axudarlles no seu proceso educativo.

### **c) Acción tutorial**

- Informar e formar aos alumnos en temas relacionados coas Normas e Plan de Convivencia priorizando a prevención sobre a intervención.
- Formar aos alumnos en habilidades sociais básicas.
- Intervir axiña cando se detecte o inicio do conflito entre alumnos.
- Dar a coñecer aos pais dos alumnos as Normas de convivencia do Centro.
- Dar a coñecer aos pais de alumnos os aspectos básicos do Plan de Convivencia.
- Sensibilizar aos pais da necesidade de educar nun modelo de convivencia pacífico, orientando aos pais sobre a resolución pacífica de conflitos en familia.
- Elaboración de documentos de información sobre aspectos de convivencia para facilitar a acción tutorial.
- Fomentar unha maior implicación dos pais no proceso educativo dos seus fillos.
- Crear un clima de aula baseado no respecto e a axuda onde se utilice o diálogo como estratexia básica.
- Aumentar a autoestima dos que a teñen baixa. Reforzo positivo.
- Realización de actividades de dinámica de grupo e modificación de conduta
- Falar coas familias dos alumnos que non participan nas reunións para normalizar a situación dos seus fillos na escola (excursións, piscina, normas de convivencia, hábitos)
- Coñecemento da realidade familiar e social do alumno.
- Informar aos pais, con carácter xeral, sobre os servizos que dispón o centro (Orientadora)
- Levar a cabo un plan de acollida para potenciar a integración na clase e no centro dos novos alumnos.
- Traballar co grupo-clase o respecto e a valoración dos traballos realizados por todos os compañeiros por medio de actividades de cooperación, asemblea, realización de murais.
- Informar na primeira reunión xeral do seu horario de atención a pais e a necesidade de que os pais veñan para solicitar información sobre a educación e progreso dos seus fillos.
- Crear situacións nas que o alumno teña que asumir o punto de vista do outro por medio de actividades de cambio de rol.
- Elaborar as normas democráticas de clase.
- Realizar actividades encamiñadas a que o alumno descubra as vantaxes do traballo en grupo.
- Fomentar o respecto e coñecemento doutras culturas distintas á propia
- Realizar actividades que leven o desenvolvemento da empatía.
- Explicar aos pais a necesidade da autonomía dos nenos e evitar a sobre-protección.
- Fomentar a educación e bos modais.

### **d) Alumnado**

Os alumnos do centro asumen o compromiso de non inhibirse ante as agresións a un compañeiro, mostrando a súa repulsa e facilitando información dos feitos ao seu titor ou ante un membro do equipo directivo.

**Ademais propón as seguintes actividades e comportamentos:**

- Concienciar a todos os alumnos de que todos somos iguais indistintamente do sexo, raza, capacidade intelectual ou económica.
- Chamar ás persoas polo seu nome, dar as grazas, pedir perdón e desculparse, felicitar e eloxiar, cando corresponda.
- Axudar aos seus novos compañeiros a coñecer o Centro, colaborando nos cambios de clase para que non se perdan, xogar con eles no recreo, axudarlles a falar o castelán sen rirse deles e aprender algunhas palabras correctas do seu idioma, contar con eles para as actividades que organice o grupo para que non sentan illados.

#### e) Pais

- Potenciar a información do colexio cara aos pais sobre temas xerais.
- Fomentar a autonomía dos seus fillos e evitar a sobreprotección.
- Implicar se en deixar aos seus fillos ás actividades complementarios planificadas polo centro.

### X.- ANEXOS

Se a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo, é fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias, distinguimos diferentes concrecións (plans) axeitados ás diferentes idades dos alumnos:

- ANEXO I: Educación Infantil
- ANEXO II: 1º, 2º e 3º de Educación Primaria
- ANEXO III: 4º, 5º e 6º de Educación Primaria
- ANEXO IV: Educación Secundaria

### XI.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Hai que ter en conta, que sempre que haxa unha dificultade, agresión ou conflito ten que haber unha reparación.

#### a) Alumnos de Educación primaria e infantil (se é necesario)

##### 1º Prevención:

Que:

- Informar sobre a maneira de proceder axeitada (normas de convivencia, dereitos e deberes do persoal docente, non docente e alumnos)
- Informar sobre as consecuencias (penalizacións) ao inflixir ditas normas

Quen:

- Titora
- Mestres e profesores

Cando:

- Xornadas de acollida
- Tutorías
- Cando sexa necesario

Como:

- Dinámicas axeitadas
- Trípticos, murais...

## 2º Tratamento

1º Detección de conductas problemáticas:

- Que conductas
- Con que frecuencia,
- Quen son os responsables,
- Que sofre as consecuencias

2º Toma de decisións:

- Tipo de problema e sanción
- Quen a impón
- Tempo de duración
- Seguimento
- Comunicación á comisión de convivencia
- Comunicación á Inspección

### b) Alumnos de Secundaria

**1. Actuacións iniciais:** Comunicación da situación a quen corresponda: o profesor-titor do alumno, ao Xefe de Estudos, ou outros membros da comunidade educativa. Información previa: recompilación de información que permita aclarar:

- Se a alteración é xeneralizada; é dicir, se se produce en diferentes situacións espazo-temporais e con persoas distintas.
- Se a alteración continúa ocorrendo logo de varios intentos de resolver a situación e axudar ao alumno.
- Se a alteración se refire a un feito illado e puntual pero moi grave, pola súa intensidade e características.

**2.- Prognóstico inicial. O Xefe de Estudos,** coa colaboración no seu caso do Orientador, e do titor do alumno, en relación coa información previa recollida no apartado anterior, elaborará un prognóstico inicial do tipo de alteración presentada polo alumno, determinando:

- Se se trata dunha alteración producida, fundamentalmente, por disfuncións do proceso «ensino-aprendizaxe», por factores de tipo familiar, socio-ambiental, ou de «marxinalidade», entre outros.
- Se polas súas características, ademais dos aspectos anteriores, se trata dunha alteración que podería encaixar nalgunha das patoloxías psiquiátricas.

### 3.- Toma de decisións inmediatas:

Equipo Directivo (Xefe de Estudos), co asesoramento do Orientador, no seu caso, e a participación do profesor-titor valorarán e tomarán decisións sobre:

- A aplicación dalgunha das medidas establecidas no NOF e o plan de convivencia.
- A comunicación inmediata da situación (en caso de non telo feito xa) á familia do alumno, ou a conveniencia de esperar ata o inicio de Actuacións Posteriores.

- A comunicación a outros organismos e servizos, segundo as características da alteración. A adopción de medidas inmediatas, en tempos e/ou espazos, que eviten a repetición de situacións similares á ocorrida.
- A comunicación á Comisión de Convivencia da situación.
- A Comunicación á Inspección de Educación.

#### **4.- O inicio do Procedemento, se procede.**

Todas as actuacións realizadas ata o momento quedarán recollidas nun informe elaborado polo Xefe de Estudos que estará depositado na dirección do centro.

## **XII.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN**

### **1.- Actuacións inmediatas de «carácter urxente»:**

- Coñecemento da situación.
- Comunicación inicial:
  - Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento expreso, dunha situación de intimidación ou acoso sobre algún/a alumno/a ou considere a existencia de indicios razoables, porao inmediatamente en coñecemento dun profesor/a, do titor/a do o alumno/a, do Orientador/a do centro, no seu caso, ou do Equipo Directivo, segundo o caso e membro da comunidade educativa que teña coñecemento da situación.
  - Este primeiro nivel de actuación corresponde, xa que logo, a todos e cada un dos membros da comunidade educativa.
  - Posta en coñecemento do Xefe de Estudos, receptor da información, de acordo co seu nivel de responsabilidade e funcións sobre o alumno, trasladará esta información ao Equipo Directivo.
  - Equipo Directivo, co asesoramento do Orientador, no seu caso, e do titor do alumno, completará a información utilizando os medios e actuacións adecuadas indicadores de intimidación e acoso entre o alumnado, todo iso de forma estritamente confidencial.

A urxencia desta actuación non exclúe a posibilidade, que será preciso valorar adecuadamente, de adoptar medidas de carácter disuasorio, en espazos e tempos, en relación coa situación exposta.

### **2.- Valoración inicial. Primeiras medidas.**

O Equipo Directivo, co asesoramento do Orientador, no seu caso, e o titor do alumno, efectuará unha primeira valoración, con carácter urxente, acerca da existencia, ou non, dun caso de intimidación e acoso cara a un alumno, así como o inicio das actuacións que correspondan segundo a valoración realizada. Todas as actuacións realizadas ata o momento quedarán recollidas nun informe escrito que quedará depositado na Xefatura de Estudos.

### **3.- Actuacións posteriores no caso de que se confirme a existencia de comportamentos de intimidación e acoso entre alumnos.**

Coordinadas polo Equipo Directivo, co apoio do orientador do centro, no seu caso, e o titor do alumno. As diferentes actuacións poden adoptar un carácter simultáneo.

#### **4.- Adopción de medidas de carácter urgente.**

Previa valoración e dirixidas a evitar a continuidade da situación, entre elas:

- Medidas inmediatas de apoio directo ao alumno afectado (víctima do acoso/intimidación).
- Revisión urgente da utilización de espazos e tempos do centro (mecanismos de control).
- Aplicación do NOF se se estima conveniente, tendo en conta a posible repercusión sobre a vítima.

Segundo o caso, posta en coñecemento e denuncia da situación nas instancias correspondentes.

#### **5.-Posta en coñecemento. Comunicación a:**

1. As familias dos alumnos implicados (víctima e agresores).
2. A Comisión de Convivencia do centro.
3. Equipo de profesores do alumno e outros profesores relacionados.
4. Outro persoal do centro, se se estima conveniente (por ex.: Limpadora).
5. O inspector do centro.
6. Outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias e xudiciais) (segundo valoración inicial).

#### **6.- Apertura de expediente**

Participan Equipo Directivo, Orientador, no seu caso, e titor, organizando a súa participación e presenza nas diferentes reunións. A documentación quedará depositada na Xefatura de Estudos e no Departamento de Orientación, no seu caso.

Estratexias e instrumentos facilitadores dun prognóstico inicial.

#### **Recollida de información de distintas fontes:**

1. Documentación existente sobre os afectados.
2. Observación sistemática dos indicadores sinalados: espazos comúns do centro, en clase, en actividades complementarias e extraescolares.
3. Entrevistas e cuestionarios con: alumnos afectados (víctima e agresores, inclúe posibilidade de aplicación de probas sociométricas ou outras), familias de vítima e agresores, profesorado relacionado co caso e con outros alumnos e persoas, se se estima conveniente, por ser observadores directos ou porque a súa relevancia no centro permita a posibilidade de levar a cabo actuacións de apoio á vítima e de mediación no caso.
4. Medios para efectuar denuncias e reclamacións: Teléfono, e-mail de axuda, web do centro, caixa de correos de reclamacións, comisión de convivencia ou outras creadas ao efecto.
5. Coordinación con Institucións e Organismos externos (sanitarios, sociais, xudiciais), se procede, que poidan achegar información sobre o caso.
6. Emisión de prognóstico inicial e liñas básicas de actuación (avaliación de necesidades e recursos).
7. Reunión do equipo de profesores do grupo de alumno e doutros profesores afectados, coa participación do Xefe de Estudos e o Orientador, no seu caso, para analizar a información obtida, a posibilidade de solicitar outra nova e achegar ideas sobre as liñas básicas de actuación.
8. Establecemento dun prognóstico inicial e das liñas básicas de actuación que determinarán o deseño do plan de actuación.

9. Avaliación de necesidades e recursos: dos alumnos, de espazos e tempos de risco, de posibles medidas e a súa adecuación á situación, de recursos humanos e materiais dispoñibles e da repartición de responsabilidades.

### **XIII.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

As actuacións previstas neste plan de convivencia escolar comezarán a desenvolverse no curso 2015-2016 formando parte da Programación Xeral Anual. Corresponde ao Equipo Directivo garantir a coordinación e o cumprimento dos prazos establecidos no mesmo.

O Observatorio de convivencia dará conta ao Consello Escolar das actuacións realizadas e dos resultados obtidos tanto da aplicación das normas de convivencia como da marcha do Plan. Con anterioridade a este informe, o Director convocará ao Observatorio de Convivencia, facilitaralle os datos oportunos e analizará a traxectoria da convivencia no centro, preparando, se se considera necesarios, as propostas que poida estimar.

Do mesmo xeito antes de finalizar o curso prepararase pola comisión de convivencia a información necesaria destinada á elaboración do informe Anual de Convivencia por parte do Consello Escolar. Este informe servirá de base para a programación de actividades do curso seguinte e toma de decisións.

A avaliación do Plan de Convivencia debe realizarse durante toda a aplicación do Plan:

- Inmediatamente logo da realización de cada actividade.
- De forma máis xeral unha vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
- De forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recollerán:
  - Nivel de consecución de obxectivos propostos.
  - Actividades realizadas.
  - Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
  - Conclusións.
  - Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación vai no sentido formativo, debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar poidamos mellorar.

### **XIV.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Nas reunións cos pais incluírase un punto para dar información dos aspectos máis relevantes do Plan. O profesorado informará ós pais das distintas idades dos alumnos para facilitar a información necesaria sobre os aspectos máis básicos do Plan.

Aos alumnos facilitaráselles información, adaptada á súa idade, por medio dos seus titores, dos contidos que lles afecten máis directamente.

Unha copia do Plan estará na Secretaría do Centro a disposición de calquera membro da Comunidade escolar que o solicite para a súa consulta.

**XV.- OS RECURSOS** cos que conta o centro, son moi poucos, só conta coa boa disposición do profesorado para a mellora do clima escolar e a educación na convivencia. Sí suxerimos a necesidade urxente de recursos económicos para unha mellora.



## EDUCACIÓN INFANTIL

### ANEXO I

#### INTRODUCCIÓN

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias.

As actuacións van encamiñadas a promover o crecemento integral da persoa, o desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor, previr e crear actitudes positivas cara aos demais e resolver os conflitos a través do diálogo.

#### 1.- NORMAS DE CONVIVENCIA: actuacións e medidas reeducadoras

##### 1. Saudar ao entrar e saír da clase.

Dialogar. Vivenciar distintos tipos de saúdos.

Se esta conducta é repetitiva mandaráselles saír e saudar ao entrar.

##### 2. Respetar a quenda de palabra.

Pedirlle que pense o que pode pasar se todos falamos á vez.

Levantar a man para pedir a palabra.

Se o fai para chamar a atención cambiaráselle de lugar algúns minutos.

##### 3. Compartir os materiais e xoguetes en cada actividade.

Guialo para que fale de como se ten que sentir o/a neno/a que se quedou sen o xoguete que quería.

##### 4. Coidar os materiais comúns, tano no aula como no patio.

Dialogar e vivenciar a situación , para coidar das cousas da clase onde non se ordena nin coida nada)

Non ser responsable un día.

##### 5. Non pelexarse na fila.

Recordar como se debe saír e entrar na fila.

Se o realiza por hábito que saia e entre ese día o último.

##### 6. Nos xogos espontáneos non excluír a ningún compañeiro.

Sacar do neno/a o seu propio punto de vista do problema de forma non acusatoria: Que ocorreu, por que fixo isso.

##### 8. Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados.

Esperar a quenda e colaborar para que ao recoller os xogos se faga con orde e sen pelexas.

##### 9. Respetar o traballo do compañeiro /a en as tarefas colectivas e individuais

Dialogar con el ou ela.

Se algún neno/a estraga con intención o traballo en equipo, quedará sen participar na próxima actividade.

**10. Asistir á clase ben aseado e co uniforme.**

Recordar como se debe acudir ao centro, avisando á familia.

**11. Ser puntual á hora de entrada e saída.**

Recordar a necesidade de que veñan sempre ao colexio.

**12. Respetar a todos os profesores e compañeiros.**

Dialogar sobre que pasaría se non o respectasen a el.

Se persiste, recibirá unha amoestación.

**13. Coidar a linguaxe.**

Faráselle reflexionar ao neno.

Se persiste, recibirá unha amoestación por parte da mestra.

**14. Pedir as cousas “por favor” e dar “as grazas”.**

A mestra repíteo, as veces que sexa necesario.

Por imitación os nenos empezarán a pedir as cousas “por favor” e a dar “as grazas” .

## **2.- ACTITUDES QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA**

O Equipo de profesores elaborou unha listaxe de actitudes que favorece a convivencia e preténdese traballar nas aulas e informar aos pais:

- Móstrate educado e amable: Saúda sempre: ¡Bos días!, ¡Boas tardes!, ¡Adeus!, ¡Ola!, ¡Ata logo!, Que tal estás?...
- Pide as cousas, por favor, aos teus compañeiros e na casa, e dá as grazas: ¡grazas!, ¡Moitas grazas!, ¡fuches moi amable! ¡Grazas por...
- Mostra interese polos demais e polo que din os outros. Os demais teñen cousas boas que dicirvos.
- Busca sempre facer amigos/as.
- Colabora cos teus amigos. Ás veces temos problemas cos compañeiros, pero debemos resolvelos falando.
- Fai un esforzo por perdoar e esquecer os rozamentos e conflitos que xorden con outros. Aprende a pedir desculpas se fas algo que non está ben. Realiza o teu traballo con bo humor, alegría.

## **3.- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR AS NORMAS E AS ACTITUDES:**

- Elaboración das normas que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro.
- Comunicación aos pais de cada titoría de devanditas normas.
- En cada curso, traballarase máis a fondo un valor, que será presentado nas xornadas de acollida a principios de setembro.
- Traballarase en cada clase sempre que se considere oportuno, a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- Fomentar os valores da tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.

- Realizar dramatizacións nas que se traballen as normas de convivencia.
- Lectura de contos relativos aos valores e normas que traballamos.
- Visionado de películas que resalten os valores traballados.
- Realizar xogos cooperativos e actividades grupais, de pequeno e gran grupo.
- Ensinarlles aos nenos habilidades prosociais.
- As habilidades ou destrezas prosociais constitúen elementos fundamentais a ser traballados para a prevención da violencia e a promoción de patróns de convivencia pacífica nos nenos.
- Celebración do Día da paz con actividades individuais e grupais.
- Obradoiros para fomentar a igualdade e a non violencia.

#### 4.- ACTUACIÓN DIANTE DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

##### **As medidas de actuación pretenden:**

- Establecer acordos comúns todos os profesores para conseguir un obxectivo común.
- Resolver os conflitos mediante o diálogo e comunicación entre familia profesores e nenos/as e buscar solucións consensuadas.
- Fomentar nos nenos/as actitudes solidarias, tolerantes e de respecto cara aos demais, a través do diálogo, axudándolles a atopar a resolución positiva ao conflito.

##### **1) Relación coas familias**

A colaboración e diálogo coas familias considerámolas fundamentais para educar. Acoden ao centro con moita frecuencia, e a colaboración é boa en xeral.

##### **2) Medidas preventivas**

- Potenciar as **medidas preventivas**, a través dos contos ou outras dinámicas de grupo ao alcance dos máis pequenos.
- Facer moito fincapé no diálogo e no respecto, a través de obradoiros cos alumnos en actividades complementarias, e en reunións periódicas coa familia.
- Os titores resollen os posibles conflitos pactando cos seus alumnos as normas que van rexer a boa marcha da clase.
- Infórmase aos pais permanentemente dos conflitos, ben no momento que xorden ou ben nas frecuentes entrevistas dos titores.

#### 5.- ACTUACIÓN ANTE ALGÚN PROBLEMA SERIO:

- Amoestación privada.
- Facer as paces, pedirse perdón, se é unha situación de pelexa ou insulto .
- Facer algún traballo relacionado co conflito (por exemplo, dicir tres razóns para non insultar. Os máis pequenos que fagan un debuxo)
- Chamar aos seus pais e poñelos ao corrente do sucedido.
- Se é máis grave, e é reiterativo, pór en marcha outros procedementos.
- O Equipo Directivo apoia este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas.

#### 6.- O CONFLITO

O conflito é inherente á vida común e é normal no desenvolvemento das relacións entre iguais; por iso, débense establecer canles para a aprendizaxe da convivencia de forma dialogada e pacífica.

Cando sexa necesaria unha corrección terá un propósito formativo xa que a disciplina debe favorecer a convivencia.

Como equipo de Educación infantil temos os seguintes **obxectivos educativos**:

- Establecer acordos comúns.
- Manter máis auto-control de nós mesmos/as, non berrando, dicindo as cousas unha soa vez.
- Resolver os problemas no momento
- Falar co alumno ou cos implicados, tratando de resolvelos mediante o diálogo e comunicación entre familia e colexio.

**Os conflitos** máis frecuentes adoitan ser os seguintes:

Insultarse uns a outros, porse motes, algunha pelexa por causa do xogo, falta de acordo e nalgúns casos, non facer caso ás indicacións dos titores.

## 7.- PROBLEMAS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	MEDIDAS CORRECTORAS
Faltas de puntualidade tanto á entrada como á saída.	O titor/a avisará aos pais e se non se soluciona, pasados cinco avisos reunión cos pais e levantar acta de dita reunión. Máis de dez faltas notificarase a Inspección Educativa
Faltas de asistencia sen xustificación documentada	Ata o 5% do horario lectivo mensual, aviso aos pais. Ata o 10% do horario lectivo mensual, reunión cós pais para analizar a situación Máis do 10% do horario lectivo mensual notificarase a Inspección Educativa
Coidado no aseo e imaxe persoal	O titor/a avisará aos pais e se non se soluciona, informará á dirección.
Insultarse ou porse motes.	Amonestación privada por parte da titora ou da mestra responsable nese momento. Se persiste, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
Pelexar por causa do xogo ou falta de acordo	Amonestación privada por parte da titora ou da mestra responsable nese momento. Se persiste, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

A non utilización axeitada do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro.	Amonestación verbal e reposición dos danos causados.
Non ter coidado coa linguaxe.	Corrección in situ por parte da titora ou da mestra responsable nese momento.
Non respectar a todos os mestres e compañeiros.	Amonestación privada por parte da titora ou da mestra responsable nese momento. Se é repetitivo, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
Xogar a xogos violentos	Amonestación privada por parte da titora ou da mestra responsable nese momento. Se é repetitivo, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
Emitir sons malsoantes ou berrar	Amonestación privada por parte da titora ou da mestra responsable nese momento. Se é repetitivo, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
A non aceptación nin respecto aos compañeiros polas diferencias culturais, físicas ou psíquicas.	Amonestación grupal, se procede, e se non de xeito individual. Explicación verbal. Se é repetitivo, realización dalgunha tarefa que contribúa á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

## 8.- NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS:

A formación do profesorado é un dos aspectos claves que poden contribuír ao fomento da convivencia e á prevención de situacións na que esta se vexa afectada negativamente, por iso intentarase facer algunha actuación de formación dirixida ao fomento da convivencia, negociación coas familias, desenvolvemento da competencia social e das capacidades afectivas, a prevención e resolución de conflitos e a non violencia e o fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

## 9.- AVALIACIÓN

O Plan de Convivencia é actualizado cada ano, na primeira reunión, e dado a coñecer ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación coas debidas modificacións.

## **ANEXO II**

### **INTRODUCCIÓN**

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo, fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias, polo que as nosas actuacións deben estar baseada no diálogo e ir encamiñadas a promover o crecemento integral da persoa, ó desenvolvemento de comportamentos adecuados, dunha actitude de apertura e compromiso e da aprendizaxe das habilidades sociais adecuadas á idade para convivir mellor a través da participación e de bos cauces de comunicación.

#### **1.- NORMAS DE CONVIVENCIA.**

1. Chegar con puntualidade ó colexio e saudar ó entrar e saír da clase.
2. Participar nas actividades da clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
3. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores, compañeiros
4. Utilizar correctamente todas as instalacións do centro, conforme ó seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto a reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.
5. Respetar o clima de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
6. Asistir á clase ben aseado e co uniforme completo.
7. Evitar palabras e xestos que poidan ofender a outras persoas.
8. Aprender a compartir o material.
9. Respetar a quenda de palabra.
10. No xogo non excluír a ningún compañeiro.
11. Pedir as cousas por favor e dar as grazas.
12. Respetar o traballo do compañeiro nas tarefas colectivas e individuais e o seu dereito ó estudo.
13. Respetar a todos os profesores e compañeiros.
14. Coidar a linguaxe e as formas de expresión xestual.
15. Atender na clase e seguir as orientacións dos profesores.
16. Ser responsable no estudo e facer as tarefas que se lle mandan.
17. Resolver os conflitos co diálogo e non pelexarse cos compañeiros na clase, no recreo, nas filas,...
18. Traer todo o material necesario para realizar a tarefa escolar.
19. Xogar xuntos considerándose como amigo, non líederes
20. Falar máis baixiño e escoitar o que din os demais.

#### **2.- ACTITUDES QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA**

##### **Actitudes que favorecen a convivencia e que se pretende traballar:**

1. Móstrate educado e amable: Saúda sempre: ¡Bos días!, ¡Boas tardes!, ¡Adeus!, ¡Ola!, ¡Ata logo!, Que tal estás?...

2. Pide as cousas, por favor, aos teus compañeiros e na casa, e da as grazas: ¡grazas!, ¡Moitas grazas!, ¡fuches moi amable! ¡Grazas por...
3. Cede a quenda de palabra aos teus compañeiros. Aprende a escoitar aos demais para entendernos todos.
4. Mostra interese polos demais e polo que din os outros. Os demais teñen cousas moi boas que dicirvos. Participa sen berrar, espera a que alguén remate de falar, mira de fronte as persoas coas que falas.
5. Busca sempre facer amigos respectando como son.
6. Colabora cos teus amigos. Ás veces temos problemas cos compañeiros, debemos resolvelos falando.
7. Fai un esforzo por perdoar e esquecer os rozamentos e conflitos que xorden con outros.
8. Aprende a pedir desculpas se fas algo que non está ben.
9. Realiza o teu traballo con bo humor e alegría.
10. Fala con todos sen excluír a ninguén e respecta as súas opinións.
11. Traballa responsablemente: obedecendo ós teus profesores, facendo todos os días as tarefas, atendendo na clase e seguindo as orientacións dos profesores.
12. Estate ben sentado: levántate só cando o precises, non corras pola clase, non molestes aos compañeiros que están a traballar.
13. Traer o material para evitar molestar aos compañeiros.

### **3.- ACTIVIDADES PARA TRABALLAR A CONVIVENCIA E AS ACTITUDES:**

1. Elaboración en cada grupo das normas que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro.
2. Comunicación aos pais de cada titoría de devanditas normas.
3. Traballarase en cada clase, polo menos unha vez ao mes, e sempre que se considere oportuno, a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
4. Fomentar os valores da tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.
5. Realizar dramatizacións nas que se traballen as normas de convivencia.
6. Lectura de contos relativos aos valores e normas que traballamos.
7. Visionado de películas que resalten os valores traballados.
8. Realizar xogos cooperativos e actividades grupais, de pequeno e gran grupo.
9. Celebración do Día da paz con actividades individuais e grupais.
10. Coreografía para o Nadal e o Entroido
11. Memorización de cantigas, poemas, refráns e panxoliñas.
12. Decoración do centro e das aulas, cos diferentes temas das festas, durante o ano.

### **4.- ACTUACIÓNS DIANTE DAS NORMAS DE CONVIVENCIA**

- a) Relación coas familias
  - A colaboración e comunicación frecuente cos pais é fundamental.
  - Nas reunións xerais de pais ó longo do curso, un punto importante que se aborda é a convivencia na aula e no centro e como é necesario que as familias colaboren.

**b) Medidas preventivas e reeducadoras:**

- Intentar potenciar as medidas preventivas, a través dos contos ou videos axeitados para eles.
- Resolver as dificultades co diálogo e pactando con eles as normas que van a rexir a boa marcha da clase.
- Informarase aos pais das dificultades, ben no momento que xorde ou ben nas frecuentes entrevistas dos titores.

En caso de incumprimento:

1. Comunicárllelo aos pais e falar con eles, para intentar solucionar a situación.
2. Realización en horario lectivo e non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
3. Arranxar ou repoñer o material estragado por mal uso.
4. Dar coñecemento á Comisión de Convivencia.
5. Obsérvase ao alumno no seu quefacer diario, comentándolle ou amonestándoo se o seu proceder non é correcto, escoitando o problema que presenta e, unha vez aclarada a situación, facéndolle pedir perdón de forma individual ou en grupo, procurando que reflexione en voz alta sobre o seu proceder, darse a man...
6. Aplicación la lei actual de convivencia, NOF, e Observatorio de convivencia.

## 5.- O CONFLITO

O conflito é inherente á vida común e é normal no desenvolvemento das relacións entre iguais, por iso, cando sexa necesaria unha corrección terá un propósito formativo xa que a disciplina debe favorecer a convivencia.

Como equipo de **1º Ciclo de Educación Primaria** temos os seguintes **obxectivos educativos**:

- Establecer acordos comúns todos os profesores de ciclo.
- Manter máis auto-control de nós mesmo/as, non berrando, dicindo as cousas unha soa vez.
- Falar co alumno ou cos implicados, tratando de resolvelos mediante o diálogo e comunicación entre familia e colexio.
- Os problemas resólvense no momento; aínda que haxa que cortar a clase, se o caso así o require.

**b) Segundo a gravidade:**

- Amoestación privada ou por escrito.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo.
- Chamar aos seus pais e poñelos ao corrente do acontecido.
- Se a conduta non é a axeitada para a marcha da clase sepáraselle durante uns momentos da actividade, poñéndoo de pé e facéndolle reflexionar.
- Se é máis grave, e é reiterativo poñer en marcha outros procedementos.
- Equipo Directivo apoia este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas.

**c) Os conflitos máis frecuentes son os seguintes:** insultarse uns a outros, algunha pelexa por causa do xogo, falta de acordo e nalgúns casos, non facer caso ás indicacións dos titores, non traer o uniforme completo, non respectar as quenda nas filas, non saber estar ben sentado e apropiarse de obxectos alleos.



**6.- AS FALTAS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA. Podemos clasificalas en leves e graves:**

*DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

ARTIGO 42	ARTIGO 44	ARTIGO 43
<b>CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</b>	<b>RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS</b>	<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>
<i>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificables da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.</i>		
Comportamento disruptivo. Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada. (1ª vez ) Realización de traballos específicos en horario lectivo. (Se non fai caso amonestación). Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. (Repetición da conduta ata tres veces)
Proferir expresións ofensivas contrarias á boa educación.	O profesorado da alumna ou alumno. A xefatura ou a persoa titular.	Amonestación privada ou por escrito. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (Se a conduta é reiterada)
Pintar, escribir ou ensuciar levemente as paredes e o mobiliario do centro sen que aparezan expresións groseiras o irrespetuosas.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación por escrito. Realización de traballos específicos en horario lectivo. Reparación dos danos causados individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está

		obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.
<p><b><i>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15.</i></b></p>		
Utilizar aparellos gravadores e reprodutores: alarmas sonoras ou outros obxectos non permitidos no centro.	O docente da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Requerir o aparello e entregarse ao titores legais ao rematar o horario lectivo. Amonestación por escrito.
Manipulación de obxectos, substancias ou produto que resulte perigoso para á saúde ou integridade persoal ou dos demais membros da comunidade educativa, dentro do recinto escolar e durante a realización de actividades complementarias e extraescolares	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Requerir os obxectos, substancias ou produtos e entregarse aos titores legais ao rematar o horario lectivo. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
<p><b><i>c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</i></b></p>		
Faltas de asistencia sen xustificación documentada ata o 5% do horario lectivo mensual.	O profesorado da alumna ou alumno.	Amonestación privada.
Faltas de puntualidade (entrada ao centro e cambios de clase/patios) sen xustificación documentada, ata terceira falta nun mes.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada
Faltas de puntualidade (entrada ao centro e cambios de clase/patios) sen xustificación documentada, ente 3 e 5 ocasións nun mes.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	O titor/a avisará aos pais e se non se soluciona, pasados cinco avisos reunión cos pais e levantar acta de dita reunión. Máis de dez faltas notificarse a Inspección Educativa
<p><b><i>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</i></b></p>		

Non traer o material necesario para o desenvolvemento das clases.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito. (1ª vez ) A repetición en máis de tres ocasións considera a conduta grave.
Os problemas de conduta dos alumnos convertéronse nun dos principais obstáculos da tarefa do docente. Este plan de convivencia quere ser un instrumento destinado a favorecer no centro un espazo educativo adecuado para a resolución pacífica dos conflitos e da convivencia democrática.

Pretendemos a través deste plan a mellora da convivencia dende tres perspectivas: a da prevención, a da intervención e o tratamento, buscando estratexias útiles para previr conflitos futuros ou solucionar os xa existentes, considerando cada situación problemática como unha ocasión para construír un clima de convivencia respectuosa e favorable ó labor docente.

Para a aplicación desta normativa atémonos ó disposto na O.M. de 5 de maio de 1995, “Sobre os dereitos e deberes dos alumnos”, a Lei 4/2011 do 30 de xuño e o Decreto do 8 de xaneiro do 2015, a Normativa de organización e funcionamento do centro) e á fidelidade o Carácter Propio.

## **I.- NORMAS INTERNAS DE CONVIVENCIA**

### **1.1.- Relación cos profesores**

1. Procura que os teus modais, a túa expresión e trato sexan indicativos da cultura e formación que estás recibindo.
2. Se tes que formular algunha suxestión faina a quen corresponda (titor, xefe de estudos) no momento oportuno, facendo gala dunha boa educación.
3. Respecta ás persoas e valora de modo especial o traballo dos profesores e persoal do centro.

### **1. 2.- Trato entre compañeiros.**

1. Compórtate de maneira que as túas palabras, xestos e escritos, non poidan molestar, nin ferir a sensibilidade ou as crenzas dos demais.
2. Colabora cos teus compañeiros na realización de actividades formativas e respecta a súa dignidade persoal.
3. A corrección e a limpeza son a mellor vestimenta da persoa.
4. Evita os descoidos na hixiene.
5. Viste con corrección e discreción a ton coa actividade que desenvolves no colexio.
6. Coida a túa linguaxe sempre.
7. Recorda que as palabras malsoantes indican pobreza de expresión e torpeza na relación cos demais.

### **1. 3.- Vida no colexio**

- 1- Esfórzate en conservar en bo estado os locais e o material ó teu servizo. Así poderás gozar dos bens que che pertencen como membro da familia do Colexio A Inmcaulada.
- 2- Colabora para que haxa orde e limpeza no colexio. Se observas danos comunícaos o titor para proceder ó seu arranxo.
- 3- Respecta certos lugares e momentos:
  - A capela para poder orar e reflexionar.
  - As clases para atender, traballar, estudar.
- 4- Nos desprazamentos, evita molestar a outros.
- 5- Durante o recreo, debes estar no patio.
- 6- A puntualidade é necesaria para poder traballar xuntos. A falta de puntualidade sistemática é unha falta grave.

- 7- Se faltas á clase avisa o antes que poidas ó colexio: O día que te incorpores entrega o xustificante ó titor.
- 8- A 3ª falta sen xustificar é considerada unha falta grave.
- 9- Ven previsto da equipación deportiva para a clase de Educación Física e trae o material necesario para realizar as actividades escolares en cada clase.
- 10- Debes traer o uniforme escolar completo ao Centro, cumprindo as normas establecidas ao respecto.
- 11- Ó rematar a xornada lectiva cada alumno deberá levar os libros á casa.
- 12- Cada alumno deberá facerse responsable dos libros fóra do horario escolar; o colexio non se fará cargo do deterioro, perda ou desaparición dos mesmos.
- 13- Os xoguetes o aparellos electrónicos ( móbil, MP3, cámaras de fotos..) son innecesarios para a actividade que vés realizar. Recorda que o Colexio non se fai responsable de roubos ou avarías que pudiesen ter lugar non centro.
- 14- Se atopas algún obxecto extraviado entrégallo ó titor ou a outro profesor.

## **II.- NORMAS DE ACTUACIÓN PARA A MELLORA DO CLIMA ESCOLAR**

### **2. 1. Aspectos a ter en conta os profesores:**

1. Unificar os criterios de actuación e camiñar cara ao mesmo obxectivo
2. Dar a coñecer as normas aos alumnos e saber os límites, dentro do colexio e en cada aula.
3. Ensinar aos alumnos a asumir as consecuencias dos seus actos, pretendendo educalos na responsabilidade e axudándolles a ser máis maduros e autónomos.
4. Evitar expresións que denoten impotencia ou desánimo. (vocabulario malsoante no recinto escolar)
5. Traballar a convivencia como medio de crecer.
6. Propiciar a colaboración coa familia
7. Potenciar o plan de acción tutorial
8. Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario.
9. Tendo máis auto-control nos mesm@s, non berrando, dicindo as cousas unha soa vez.
10. Falar co alumno ou cos implicados, tratando de resolver o conflito mediante o diálogo e a comunicación entre familia e colexio.

### **2.-2. Actitudes que favorecen a convivencia dos alumnos**

1. Mostrar aos alumnos unha actitude de confianza en canto ás súas posibilidades de cambio.
2. A asistencia á clase.
3. Participación nas actividades formativas.
4. Seguir as directrices do profesorado.
5. Cumprir os horarios
6. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar, respectando o dereito dos seus compañeiros.
7. Conservar e facer un bo uso das instalacións.
8. O vocabulario axeitado en cada momento da xornada escolar
9. A boa educación con todos os membros da Comunidade Educativa.

### **2.- 3. Sobre a asistencia á clase e xustificación das faltas:**

1. A asistencia á clase é obrigatoria para todos os alumnos, o mesmo que ás actividades non docentes que se realicen durante o horario lectivo.
2. Os alumnos asistirán con puntualidade á clase como medio indispensable da súa formación humana e académica.
3. Os alumnos xustificarán as súas faltas nun prazo máximo de cinco días desde a súa incorporación ás clases, entregando o xustificante ao titor e ensinándoo previamente aos profesores implicados.
4. A acumulación de faltas de asistencia sen xustificar suporán unha falta leve se é o 5% do horario lectivo mensual; unha grave se supón do 5 ao 10% do horario lectivo mensual; e moi grave se pasa do 10%.
5. En todo caso, se un alumno falta o 25% das horas lectivas dunha materia ó longo do curso académico, seralle de aplicación o art. 44.2 de Real Decreto 732/1995, habilitándose para estes casos sistemas extraordinarios de avaliación distintos dos habituais. De todo o cal informarase por escrito ó alumno e aos seus pais nun documento asinado polo profesor da materia e polo Xefe de Estudos.
6. A valoración dos xustificantes das faltas enviadas polos pais, realizarana o titor e/ou Xefe de Estudos. (Xustificante de cita médica, unha ó mes por asuntos propios, sempre e cando non coincida cun exame)
7. Os alumnos, que tendo unha proba de avaliación falten ás clases anteriores, e non presenten xustificante non poderán presentarse á mesma.
8. Todos os profesores anotarán os atrasos e as faltas de asistencia dos alumnos, sexan ou non xustificadas, nos partes de faltas.
9. O titor revisará as faltas e informará ao Xefe de Estudos que comunicará aos pais por escrito quincenalmente.

**a) As Entradas:**

As portas exteriores do Centro abríranse cinco minutos antes de cada entrada e pecharase a hora en punto. O atraso debe estar xustificado polos seus pais.

**b) As saídas:**

O alumnado non pode abandonar o Centro durante o horario lectivo. En caso de ter que ausentarse, os pais, nais ou titor legal recollerán os fillos no Centro.

**c) Lugar de permanencia dos alumnos:**

Un ambiente propicio para a convivencia son os espazos comúns do centro, que facilitan á súa vez a boa relación na aula. Non podemos obviar algúns aspectos que determinan o clima do centro e que, á súa vez, inflúen no clima da clase.

Durante as horas lectivas, os alumnos só utilizarán as estancias que indique o profesor.

En caso de ausencia ou atraso do profesor, os alumnos permanecerán na aula esperando as instrucións do profesor de garda. En ningún caso poderán permanecer nos corredores.

### **III.- COMO ACTUAR DIANTE DAS ALTERACIÓNS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA**

**a) Relación coas familias**

A colaboración e diálogo cos pais é moi importante para resolver as dificultades da convivencia. Se é preciso envíaselles unha nota ou convocanse a unha entrevista, se é urxente, resólvese de forma inmediata para abordar pronto a situación.



Nas reunións xerais, sobre todo a principio de curso, un punto importante que se aborda é o da convivencia na aula e no centro e como é necesario que as familias colaboren.

### **b) Resolver os conflitos en positivo**

- Aclarar que é un conflito e que non.
- Expor os conflitos persoais e manter no tempo fixado as decisións adoptadas.
- Manter a coherencia na aplicación da norma como principio (dentro do colectivo de profesorado e a comunidade )
- Tratar o conflito no lugar en que se produce e cos seus axentes.
- Establecer vías de negociación á hora de resolver os conflitos e aprender deles.
- Diferenciar o tipo de conflitos e facelos visibles, evitando actuar só naqueles que afecten ao profesorado.

### **c) Medidas preventivas**

As medidas preventivas, deben formar un deseño planificado para prever as futuras situacións conflitivas e determinar os procedementos máis axeitados para evitalas.

- Información necesaria ós pais ó principio de curso, nas reunións xerais.
- Traballar as habilidades sociais a todos os niveis.
- Actividades de xogos cooperativos
- Coñecemento do plan de convivencia por toda a comunidade educativa
- Xornadas de convivencia ( día da paz..)
- Aprendizaxe cooperativa..
- Fomentar a participación familiar
- Actividades de convivencia.
- Medidas de atención á diversidade
- Reparto de responsabilidades
- Plan de acollida do profesorado e alumnado novo
- Estatuto de aula (carteis coas normas de clase)

### **C.1 .- Pautas de intervención na aula**

Cando falamos de aula, estamos incluíndo todo o que ocorre e se proxecta nela, e non só a transmisión dos contidos sen máis.

- Coidar os roles e preservar problemas que poidan xurdir a partir deles: control de quen toma a palabra habitualmente, da ocupación de espazos.
- Traballar a empatía e os sentimentos.
- Adoptar unha metodoloxía participativa, na que o alumnado sexa o protagonista.
- Seleccionar contidos que favorezan a integración e a participación.
- Diseñar actividades de diferentes tipos: comúns, rotativas, de cooperación, que sexan variadas para que poida optar.
- Establecer procesos de negociación co colectivo.
- Repartición de funcións e asunción de normas e responsabilidades na aula.
- Utilizar variedade na forma de agrupar ao alumnado.

- Crear o hábito de oír e recoller todas as opinións para telas en conta.
- Repartición de tarefas que compensen posibles desigualdades.
- Desenvolver sempre, polo menos, dúas posibles solucións para cada situación ou conflito.

#### **d) Medidas correctoras:**

- Realización de traballos fóra do horario lectivo previo aviso ós pais.
- Entrevistas co Orientador: Traballo de Habilidades Sociais.
- Intentar resolver as dificultades co diálogo e pactando cos alumnos as normas que van rexer a boa marcha da clase.
- Axudarlles a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dean conta das consecuencias da súa actitude.
- Aos alumnos que por problemas condutuais non poden permanecer na aula, permanecerá na Aula de Convivencia ( ver o procedemento no NOF)
- Informar aos pais permanentemente dos conflitos, ben no momento no que xorden ou ben nas frecuentes entrevistas persoais cos titores.
- Facer unha reflexión en voz alta.

#### **e) Outras estratexias de intervención.**

##### **2. Servizos Sociais**

- O Colexio mantén unha estreita colaboración cos Servizos Sociais (sempre cando vaia en beneficio do alumno).
- Tamén se derivará a outras Institucións se é preciso.
- Estamos abertos a outras formas de intervención sempre e cando sexa necesario, dada a problemática dos alumnos.

##### **3. A mediación de conflitos**

A mediación como estratexia de transformación de conflitos, non é vista como un xuízo, nin unha arbitrase, senón para facilitar que entre o profesor e alumno atopen a mellor solución.

O obxectivo da mediación é a resolución pacífica dos conflitos, e ensinalles estratexias e habilidades necesarias para fomentar un bo clima entre as persoas.

##### **3. 1.- O papel do profesor-mediador.**

A convivencia nos espazos educativos reflicte, en ocasións, e pon de relevo actitudes insolidarias, condutas agresivas e pouco dialogantes. A figura do profesor como mediador en diversas situacións conflitivas favorece a interiorización das normas básicas de convivencia, solidariedade e promove a asimilación de valores de repeto e igualdade.

O profesor organiza a aula, xera motivación e implica ós estudantes, desenvolve habilidades de pensamento, ensina a aprender e a pensar e forma persoas autónomas, capaces de seguir aprendendo toda a vida. Pero, ademais, a educación dos nosos días necesita a inxección dos valores imprescindibles para formar persoas que se sintan aceptadas, acollidas e potenciadas para crecer como seres libres, solidarios e cun alto sentido ético e social.

A profesionalidade do profesor-mediador atopa un constante desafío en saber identificar e definir as causas dos problemas que entorpecen e dificultan a convivencia no proceso educativo. Precisa

contemplan todo problema dende diversos ángulos e botar man da súa experiencia, dos equipos interdisciplinares profesionais, dos compañeiros e da mesma familia.

### **3. 2. Aclarar o problema:**

- Conseguir unha versión consensuada do conflito
- Concretar os puntos que poden facer avanzar cara a un entendimento ou acordo
- Encamiñar o diálogo para pór os intereses subxacentes ás posicións.

### **3. 3. Explorar as necesidades ocultas tras as posicións e dirixir o diálogo en termos das necesidades**

- A persoa que fai de mediador debe: escoitar, non xulgar, non propór solucións e apoiar a mellora na relación.
- Á hora de mediar é mellor, facelo por separado.
- As regras serían: contar, aclarar o problema, propór solucións e chegar a un acordo.
- As actitudes a ter: respecto, mensaxes en primeira persoa, mostrar interese, clarificar, parafrasear, resumir.

### **f) Medidas sancionadoras**

O conflito é inherente á vida común e é normal no desenvolvemento das relacións entre iguais, por iso, cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo xa que a disciplina debe favorecer obxectivos educativos.

Hai que ter en conta, que sempre que haxa unha agresión, conflito ou falta, ten que haber unha reparación.

Estas medidas tomaranse no último lugar. Tampouco esquecemos que se basean en dous principios claves: o da actuación e o da intervención.

### **É importante:**

- Regular o proceso que se vai emprender para resolver os conflitos que aparecen,
- Os responsables de levalos a cabo
- A gradación das faltas e as sancións correspondentes.

### **1.e. Rexistro de incidencias**

É un impreso no que se van anotando todas as incidencias reseñables que van ocorrendo nunha clase ao longo do curso. Poden ser incidencias: positivas, negativas (leves e graves) Cubrirao, o profesor que observe a falta, porase en coñecemento dos pais, dependendo da gravidade e medidas adoptadas. O modelo, anexo, estará a disposición do profesorado.

Estes rexistros faranse por duplicado, quedando un en dirección e outro en posesión do titor. Abarca a todos os alumnos de EP e ESO.

## **IV .- A DISCIPLINA**

A disciplina concíbese como un medio para a formación da persoa e a consecución dos obxectivos do centro. Nas faltas de disciplina é onde se describe de xeito claro e detallado aquelas accións, actitudes ou feitos que dificultan ou entorpecen o proceso educativo.

**a) Constituirán faltas de disciplina todas as accións que atentan contra:**

1. O normal funcionamento da vida escolar
2. Respecto a calquera membro da Comunidade Educativa
3. Traballo escolar
4. A conservación do material e as instalacións.
5. As saídas

**b) Na corrección dos alumnos que alteren a convivencia teranse en conta os seguintes criterios:**

1. A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
2. O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección
3. A proporcionalidade da corrección
4. A forma en que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo do Centro e á Programación Xeral Anual do Centro
5. En ningún caso o procedemento de corrección afectará ao dereito á intimidade, honra ou reputación do alumno.

**c) Tipos de conflitos máis frecuentes :**

1. Disrupcións na aula: intervir a destempo, levantarse sen autorización, falar cos compañeiros.
2. Distraccións e faltas de atención.
3. Olvido do material para o correcto desenvolvemento das clases.
4. Perdida de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo ou en entradas e saídas do centro.
5. Desobediencia ás ordes educativas e formativas do profesor-familia.
6. Pequenas pelexas nos espazos comúns (baños, patio, corredores)
7. Comer en clase.
8. Saídas fora da aula, nos câmbios de clase.

**d) Causas:**

1. **No alumnado:** falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade, pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver conflitos axeitadamente, e ausencia de referentes de autoridade. Desestructuración familiar.
2. **Nalgunhas familias:** falta de colaboración, e/ou escasa implicación nos aspectos escolares.
3. **Nos profesores:** falta de recursos, de disponibilidad horaria, de estratexias e ferramentas para a detección, abordaxe e resolución de conflitos de convivencia no centro.

**e) As faltas que dificultan a convivencia, podemos clasificalas en leves e graves:**

*DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

<b>CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</b>	<b>RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS</b>	<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>
<p><b><i>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requerida no dito precepto.</i></b></p>		
<p>Comportamento disruptivo. Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor.</p>	<p>O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.</p>	<p>Amonestación privada. (1ª vez ) Realización de traballos específicos en horario lectivo. (Se non fai caso amonestación). Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. (Repetición da conduta ata tres veces)</p>
<p>Proferir expresións ofensivas contrarias á boa educación.</p>	<p>O profesorado da alumna ou alumno. A xefatura ou a persoa titular.</p>	<p>Amonestación privada ou por escrito. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (Se a conduta é reiterada)</p>
<p>Pintar, escribir ou ensuciar levemente as paredes e o mobiliario do centro sen que aparezan expresións groseiras o irrespetuosas.</p>	<p>O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.</p>	<p>Amonestación por escrito. Realización de traballos específicos en horario lectivo. Reparación dos danos causados individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.</p>
<p><b><i>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituían conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15.</i></b></p>		

Manipulación dos teléfonos móbiles dentro do recinto escolar e durante a realización de actividades complementarias e extraescolares.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Requerir ao alumnado a entrega do teléfono móbil, que será depositado polo docente en secretaría, quedando a disposición dos pais ou titores legais unha vez terminada a xornada escolar ou actividade complementaria ou extraescolar.
Utilizar aparellos gravadores e reprodutores: alarmas sonoras ou outros obxectos non permitidos no centro.	O docente da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Requerir o aparello e entregarse ao titores legais ao rematar o horario lectivo. Amonestación por escrito.
Manipulación de obxectos, substancias ou produto que resulte perigoso para á saúde ou integridade persoal ou dos demais membros da comunidade educativa, dentro do recinto escolar e durante a realización de actividades complementarias e extraescolares	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Requerir os obxectos, substancias ou produtos e entregarse aos titores legais ao rematar o horario lectivo. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
<b><i>c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</i></b>		
Faltas de asistencia sen xustificación documentada ata o 5% do horario lectivo mensual.	O profesorado da alumna ou alumno.	Amonestación privada.
Faltas de puntualidade (entrada ao centro e cambios de clase/patios) sen xustificación documentada, ata terceira falta nun mes.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada. Non se pode incorporar á clase ata a seguinte hora.
Faltas de puntualidade (entrada ao centro e cambios de clase/patios) sen xustificación documentada, ente 3 e 5 ocasións nun mes.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación por escrito. Non se pode incorporar á clase ata a seguinte hora e traballo na aula de convivencia.
<b><i>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</i></b>		

Non traer o material necesario para o desenvolvemento das clases.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito. (1ª vez ) A repetición en máis de tres ocasións considera a conduta grave.
Non levar o equipamento de Educación Física establecido.	O/A Profesor/a de Educación física.	Amonestación privada e por escrito e realización de tarefas en horario lectivo (1ª vez )  A repetición en máis de tres ocasións considera a conduta grave.
<b><i>e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.</i></b>		
Permanecer sen permiso en corredores, patios, baños durante as horas de clase.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno..	Amonestación privada e por escrito A repetición da conduta considerarase unha conduta do tipo <i>Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor</i>
Comportarse inadecuadamente nos cambios de clases ou ausencias do profesor.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito A repetición da conduta considerarase unha conduta do tipo <i>Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor</i>
Non deixar ao final das clases as cousas ben ordenadas. Non manter limpas as dependencias do colexio.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito A repetición da conduta considerarase unha conduta do tipo <i>Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor</i>
Incumprimento dunha medida correctora.	O profesorado da alumna ou alumno que aplicou a medida correctora.	Amonestación por escrito e na primeira ocasión repetición da medida correctora. Se persiste no incumprimento suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata 3 días lectivos.
Emprego indebido de aparellos tecnolóxicos no centro: Chromebooks, dispositivos Edixgal e ordenadores da aula de informática ou similares.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito.( 1º vez) Retirada do dispositivo e que siga a sesión pola pizarra dixital. Os traballos realizaranse no caderno.( 2º vez)

		A repetición de esta conduta considerarase unha falta grave.
Comer chicles ou pipas nas dependencias do colexio.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amonestación privada e por escrito. A repetición da conduta considerarase unha conduta do tipo <i>Acto individual ou colectivo de desafío á autoridade do profesor</i>
O incumprimento das normas do Uniforme Escolar establecidas no NOF.	O profesorado da alumna ou alumno. O titor ou titora da alumna ou alumno.	Amoestación privada e escrita. Cando é reiterada (máis de tres ocasións no mesmo mes) realización de traballos específicos en horario lectivo.

ARTIGO 38	ARTIGO 41	ARTIGO 39
<b>CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA</b>	<b>APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS</b>	<b>MEDIDAS CORRECTORAS</b>
<b><i>a) As agresións físicas e psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</i></b>		
As agresións físicas e psíquicas intencionadas como golpes, patadas, lanzamento de obxectos, empuxóns de xeito illado e que non causen lesións.	Profesor que observe a conduta. Dirección	Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares. Realización de traballos específicos en horario non lectivo. Cando as circunstancias o aconselle o/a Director/a poderá suspender ao alumno do dereito a asistencia de 1 a 3 días.
Falta de respecto ou ofensa cara ao persoal do centro educativo.	Profesor que observe a conduta. Dirección	Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo e comisión de convivencia.
Falta de respecto, actitudes ameazantes, desafiante, injurias ou ofensas dos pais/nais ou titores legais hacia os membros da comunidade educativa.	Profesor que observe a conduta. Dirección	Denuncia no organismo correspondente.
<b><i>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social,</i></b>		



***conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.***

A discriminación grave por razón de xénero; extracción social, cultural ou étnica; orientación sexual, conviccións políticas, morais o relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas; ou por calquera outra condición o circunstancia persoal ou social.	Profesor que observe a conduta. Dirección	Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo, sendo notificado aos pais. Se é reiterado inicio dun expediente grave de conduta.
--	--	--

***c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.***

Os actos de desafío á autoridade dos membros da Comunidade Educativa.	Profesor que observe a conduta. Dirección	Cambio de grupo. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos (aula de convivencia) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo.
---	--	--

Abandono da área do Colexio sen permiso	Profesor que observe a conduta. Dirección	Amonestación por escrito. Realización de traballos escolares específicos en horario non lectivo.
---	--	---

***d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.***

A gravación, sen previo consentimento, de calquera circunstancia da vida escolar así como a súa posterior exhibición en calquera soporte,	Profesor que observe esta conduta. Dirección	Realización de traballos específicos dentro do horario non lectivo. Suspensión do dereito de asistir á clase entre 1 e 3 días. Suspensión do dereito de asistir ao centro no período que así o determine o Equipo directivo.
---	---	--

Traer, ter conectado ou utilizar o teléfono móbil no centro. Utilizar aparellos gravadores e reprodutores: alarmas sonoras ou outros obxectos que perturben o curso normal da clase.	Profesor que observe esta conduta. Dirección	Requisar a tarxeta do teléfono ou o telefono que só será entregado aos pais. Realización de traballos específicos dentro do horario non lectivo. Suspensión do dereito de asistir
---	---	---

		á clase entre 1 e 3 días.
A lei propiamente dita.	Profesor que observe esta conduta. Dirección	Realización de traballos específicos dentro do horario non lectivo. Suspensión do dereito de asistir á clase entre 1 e 3 días.
<b><i>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011</i></b>		
O acoso: calquer forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a xa sexa verbal, físico ou psicolóxico, incluído illamento ou baleiro social con independencia do lugar onde se produza ou o medio.	Profesor que observe esta conduta. Dirección.	Inicio do Protocolo de Acoso Escolar
As agresións físicas intencionadas como golpes, patadas, lanzamento de obxectos, empuxóns de xeito illado e que non causen lesións.	Profesor que observe esta conduta. Dirección.	Realización de traballos específicos en horario non lectivo. Cando as circunstancias o aconsellen o Director poderá suspender ao alumno do dereito de asistencia ao Centro entre 1 e 3 días.
<b><i>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.</i></b>		
Acceder a documentos do profesor.	Profesor que observa a conduta. Dirección.	Amonestación por escrito. Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
A interrupción da correspondencia do centro coa familia.	Profesor que observa a conduta. Dirección.	Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias. Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo.
Falsificación de firmas, notas ou documentos.	Profesor que observa a conduta. Dirección.	Realización de traballos específicos en horario lectivo ou non lectivo. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre 1 e 3 días.
A suplantación grave de personalidade en actos da vida docente.	Profesor que observa a conduta. Dirección.	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período máximo a determinar

		polo Equipo directivo.
<p><b>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</b></p>		
<p>Causar danos graves, por negligencia o por uso indebido, nas instalacións, material ou documentos do Centro o nas pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, que dificulten o uso normal dos mesmo e a súa reparación ou reposición.</p>	<p>Profesor que observa a conduta. Dirección.</p>	<p>Realización de tarefas que reparen os danos causados, a reposición, o pago dos materiais danados. Sanción económica para reparar o dano. Cando as circunstancias o aconsellen o Director poderá suspender ao alumno do dereito de asistencia ao Centro entre un e tres días.</p>
<p><b>h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas de carácter complementario e extraescolar.</b></p>		
<p>A reiteración sistemática, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro.</p>	<p>Titor Dirección</p>	<p>Cambio de grupo. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos (aula de convivencia) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo.</p>
<p>Os actos inxustificadas que pertubén gravemente o normal desenvolvemento das actividades do aula e do centro.</p>	<p>O profesor que observe a conduta Dirección</p>	<p>Cambio de grupo. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos (aula de convivencia) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo.</p>
<p><b>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</b></p>		
<p>As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.</p>	<p>Profesor que observe a conduta. Dirección</p>	<p>Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo, sendo notificado aos pais.</p>

***j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Em todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para isso polo profesorado.***

Fumar dentro dos límites do Colexio	Profesor que observe a conduta. Dirección	Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
A incitación ao consumo de substancias prexudiciais para a saúde dos membros da comunidade educativa. Posesión, venta ou compra de drogas en todo o recinto escolar.	Dirección	Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo equipo directivo. Se é reiterado apertura dun expediente disciplinario.

***k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.***

Faltas de puntualidade sen xustificación documentada, de cinco a dez faltas nun mes.	O titor e comunicalo o xefe de estudos	Amonestación por escrito. Reunión cos pais para analizar a situación e levantar acta de dita reunión (Anexos I e II do absentismo escolar)
Faltas de asistencia sen xustificación documentada de 5% a 10% do horario lectivo mensual.	O titor e comunicalo o xefe de estudos	Amonestación por escrito. Reunión cos pais para analizar a situación e levantar acta de dita reunión (Anexos I e II do absentismo escolar)
Faltas de asistencia sen xustificación documentada dun 10% do horario lectivo mensual.	O titor e comunicalo o xefe de estudos	Inicio do protocolo de Absentismo.
Actitude negativa reiterada ante os avisos e correccións.	O profesor que observe a conduta. Dirección	Amonestación por escrito. Realización de traballos específicos en horario non lectivo. Suspensión da participación nas actividades complementarias ou extraescolares. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de tres días lectivos(aula de convivencia)
Reiteración de condutas leves. Contabilización de tres condutas leves, fan unha conduta grave.	O profesor que observe a conduta.Titor Dirección	Amonestación por escrito. Realización de traballos específicos en horario non lectivo. Suspensión da participación nas actividades complementarias ou extraescolares. Suspensión do dereito de

		asistencia a determinadas clases por un período de tres días lectivos(aula de convivencia)
<b><i>l) O incumplimento das sancións impostas.</i></b>		
Incumplir as medidas correctoras impostas.	Titor Dirección	Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo a determinar polo Equipo directivo.

Nas faltas graves, intervirá o Director, Xefe de Estudos, Comisión de Convivencia e Consello Escolar, se é preciso.

#### **V.- NECESIDADE DE FORMACIÓN E RECURSOS:**

A formación do profesorado é un dos aspectos claves que poden contribuír ao fomento da convivencia e á prevención de situacións na que esta se vexa afectada negativamente, por iso intentarase facer algunha actuación de formación dirixida ao fomento da convivencia, negociación coas familias, ou desenvolvemento da competencia social e das capacidades afectivas, á prevención e resolución de conflitos e a non violencia ,e ó fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

#### **VI.- AVALIACIÓN**

O Plan de Convivencia é actualizado cada ano, na primeira reunión, e dado a coñecer ao Claustro e ao Consello Escolar para a súa aprobación coas debidas modificacións.

#### **ANEXO**

##### **FALTA DE ORDEN**

##### **DATOS DO ALUMNO/A:**

Apelidos:	Nome:
Curso:	Enderezo:

##### **DATOS DO PROFESOR/A:**

Apelidos:	Nome:
Materia:	Hora:
Data:	Lugar:

##### **MOTIVOS DA FALTA**

Norma que se considere infrinxida. Tipificación da falta: <input type="checkbox"/> Leve <input type="checkbox"/> Grave
--

Descrición da acción ou omisión (da maneira máis clara e precisa posible):

Asdo:

O/A Profesor/a:

Identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que puidesen dar datos de interese para a comprobación dos feitos:

**Medida correctora proposta inicial do profesor:**

- Amonestación privada ou escrita.
- Traballo específico en horario lectivo.
- Traballo de tarefas en horario non lectivo.
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases ata 3 días-2 semanas.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro 3 días- un mes.

Considero resolta a incidencia sen necesidade de outra intervención

Sí     Non







